

PROGRAMACIÓN do DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA

1º ESO: Xeografía e Historia

PARÁMETROS LEGAIS:

NORMATIVA de REFERENCIA:

Con base na [lexislaciónaplicable](#), reflíctase a normativa de referencia.

- *Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).*
- *Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).*
- *Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).*
- *Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).*
- *Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).*
- *Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).*
- *RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a implantación, no curso académico 2016/17, do currículo establecido no Decreto 86/2015, de 25 de xuño, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.*
- *DECRETO 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia na Sección 3.ª Plan Xeral de Atención á Diversidade*

- **RESOLUCIÓN de 15 de xullo de 2016, da Dirección xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa.** A resolución de 15 de xullo de 2016 sinala os parámetros polos que debe rexerse a programación didáctica.

Artigo 24. Programacións didácticas

1. Os departamentos didácticos dos centros docentes desenvolverán o currículo establecido mediante a programación didáctica de cada materia de cada curso que teña encomendada na organización docente do centro.

2. A programación didáctica deberá ser o instrumento de planificación curricular específico e necesario para desenvolver o proceso de ensino e aprendizaxe do alumnado de maneira coordinada entre o profesorado integrante do departamento.

3. As programacións didácticas incluírán en cada materia, polo menos, os seguintes elementos:

a) **Introdución e contextualización.**

b) **Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.** Concreción que recolla a relación dos estándares de aprendizaxe avaliábeis da materia que forman parte dos perfís competenciais.

c) **Concreción, de ser o caso, dos obxectivos para o curso.**

d) **Concreción para cada estándar de aprendizaxe avaliábel de:**

1º. **Temporalización.**

2º. **Grao mínimo de consecución para superar a materia.**

3º. **Procedementos e instrumentos de avaliación.**

e) **Concrecións metodolóxicas que require a materia.**

f) **Materiais e recursos didácticos que se vaian utilizar.**

g) **Criterios sobre a avaliación, a cualificación e a promoción do alumnado.**

h) **Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.**

i) **Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes.**

j) **Organización dos procedementos que lle permitan ao alumnado acreditar os coñecementos necesarios en determinadas materias, no caso do bacharelato.**

k) **Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.**

l) **Medidas de atención á diversidade.**

m) **Concreción dos elementos transversais que se traballarán no curso que corresponda.**

n) **Actividades complementarias e extraescolares programadas por cada departamento didáctico.**

ñ) **Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.**

- **Decreto 86/2015/ Determinación das competencias clave:** O Decreto 86/2015 é outro instrumento básico e de referencia para a redacción da programación na comunidade autónoma de Galicia.

O DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu artigo 3 nos sinala cales son as competencias clave.

Artigo 3. Competencias clave

1. Para os efectos deste decreto, as competencias clave do currículo serán as seguintes:

a) **Comunicación lingüística (CCL).**

b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**

c) **Competencia dixital (CD).**

d) **Aprender a aprender (CAA).**

e) **Competencias sociais e cívicas (CSC).**

f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**

g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

2. A descrición das relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación na educación secundaria obrigatoria e no bacharelato será a establecida de conformidade coa Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre

as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.

3. Potenciarase o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.

4. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo.

➤ Orden ECD/65/2015. Descrición e contido das Competencias clave: Atendendo ao sinalado no artigo 3.3 do decreto galego 86/2015, na Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato, descríbense as competencias clave.

O texto que segue é a tradución ao galego do contido na páxina web do ministerio:

a) Comunicación lingüística (CCL).

Para o adecuado desenvolvemento da competencia de **Comunicación lingüística** resulta necesario abordar a análise e a consideración dos distintos aspectos que interveñen nela, debido á súa complexidade. Para isto, débese atender aos cinco compoñentes que a constitúen e ás dimensións en que se concretan:

– O **compoñente lingüístico** comprende diversas dimensións: a léxica, a gramatical, a semántica, a fonolóxica, a ortográfica e a ortoépica, entendida esta como a articulación correcta do son a partir da representación gráfica da lingua.

– O **compoñente pragmático-discursivo** comprende tres dimensións: a sociolingüística (vinculada coa adecuada produción e recepción de mensaxes en diferentes contextos sociais); a pragmática (que inclúe as microfuncións comunicativas e os esquemas de interacción), e a discursiva (que inclúe as macrofuncións textuais e as cuestións relacionadas cos xéneros discursivos).

– O **compoñente sociocultural** inclúe dúas dimensións: a que se refire ao coñecemento do mundo e a dimensión intercultural.

– O **compoñente estratéxico** permite ao individuo superar as dificultades e resolver os problemas que xorden no acto comunicativo. Inclúe tanto destrezas e estratexias comunicativas para a lectura, a escritura, a fala, a escoita e a conversa, como destrezas vinculadas co tratamento da información, a lectura multimodal e a produción de textos electrónicos en diferentes formatos; así mesmo, tamén forman parte deste compoñente as estratexias xerais de carácter cognitivo, metacognitivo e socioafectivas que o individuo utiliza para comunicarse eficazmente, aspectos fundamentais na aprendizaxe das linguas estranxeiras.

b) Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).

Nunha sociedade onde o impacto das matemáticas, as ciencias e as tecnoloxías é determinante, a consecución e sustentabilidade do benestar social esixe condutas e toma de decisións persoais estreitamente vinculadas á capacidade crítica e visión razoada e razoable das persoas.

A) A competencia matemática implica a capacidade de aplicar o razoamento matemático e as súas ferramentas para describir, interpretar e predicir distintos fenómenos no seu contexto.

A competencia matemática require de coñecementos sobre os números, as medidas e as estruturas, así como das operacións e as representacións matemáticas, e a comprensión dos

termos e conceptos matemáticos (operacións, números, medidas, cantidade, espazos, formas, datos, etc.).

O uso de **ferramentas matemáticas** implica unha serie de destrezas que requiren a aplicación dos principios e procesos matemáticos en distintos contextos, xa sexan persoais, sociais, profesionais ou científicos, así como para emitir xuízos fundados e seguir cadeas argumentais na realización de cálculos, a análise de gráficos e representacións matemáticas e a manipulación de expresións algebraicas, incorporando os medios dixitais cando sexa oportuno. Forma parte desta destreza a creación de descricións e explicacións matemáticas que levan implícitas a interpretación de resultados matemáticos e a reflexión sobre a súa adecuación ao contexto, do mesmo xeito que a determinación de se as solucións son adecuadas e teñen sentido na situación en que se presentan.

A competencia matemática inclúe unha serie de actitudes e valores que se basean no rigor, o respecto aos datos e a veracidade.

B) As competencias básicas en ciencia e tecnoloxía son aquelas que proporcionan un achegamento ao mundo físico e á interacción responsable con el desde accións, tanto individuais como colectivas, orientadas á conservación e mellora do medio natural, decisivas para a protección e mantemento da calidade de vida e o progreso dos pobos. Estas competencias contribúen ao desenvolvemento do pensamento científico, pois inclúen a aplicación dos métodos propios da racionalidade científica e as destrezas tecnolóxicas, que conducen á adquisición de coñecementos, o contraste de ideas e a aplicación dos descubrimentos ao benestar social.

Capacitan a cidadáns responsables e respectuosos que desenvolven xuízos críticos sobre os feitos científicos e tecnolóxicos que se suceden ao longo dos tempos, pasados e actuais.

Para o adecuado desenvolvemento das competencias en ciencia e tecnoloxía resulta necesario abordar os saberes ou coñecementos científicos relativos á física, a química, a bioloxía, a xeoloxía, as matemáticas e a tecnoloxía, os cales se derivan de conceptos, procesos e situacións interconectadas.

Requírese igualmente o fomento de destrezas que permitan utilizar e manipular ferramentas e máquinas tecnolóxicas, así como utilizar datos e procesos científicos para alcanzar un obxectivo; é dicir, identificar preguntas, resolver problemas, chegar a unha conclusión ou tomar decisións baseadas en probas e argumentos.

Así mesmo, estas competencias inclúen actitudes e valores relacionados coa asunción de criterios éticos asociados á ciencia e á tecnoloxía, o interese pola ciencia, o apoio á investigación científica e a valoración do coñecemento científico; así como o sentido da responsabilidade en relación á conservación dos recursos naturais e ás cuestións ambientais e á adopción dunha actitude adecuada para lograr unha vida física e mental saudable nunha contorna natural e social.

c) Competencia dixital (CD).

A **competencia dixital (CD)** é aquela que implica o uso creativo, crítico e seguro das tecnoloxías da información e a comunicación para alcanzar os obxectivos relacionados co traballo, a empleabilidade, a aprendizaxe, o uso do tempo libre, a inclusión e participación na sociedade.

Require de coñecementos relacionados coa linguaxe específica básica: textual, numérico, icónico, visual, gráfico e sonoro, así como as súas pautas de decodificación e transferencia. Isto leva o coñecemento das principais aplicacións informáticas. Supón tamén o acceso ás fontes e o procesamento da información; e o coñecemento dos dereitos e as liberdades que asisten ás persoas no mundo dixital.

Igualmente precisa do desenvolvemento de diversas **destrezas** relacionadas co acceso á **información**, o procesamento e uso para a comunicación, a creación de contidos, a seguridade e a resolución de problemas, tanto en contextos formais como non formais e informais. A persoa ha de ser capaz de facer un uso habitual dos recursos tecnolóxicos dispoñibles co fin de resolver os problemas reais dun modo eficiente, así como avaliar e seleccionar novas fontes de información e innovacións tecnolóxicas, a medida que van aparecendo, en función da súa utilidade para acometer tarefas ou obxectivos específicos

A adquisición desta competencia require ademais actitudes e valores que permitan ao usuario **adaptarse** ás novas **necesidades** establecidas polas **tecnoloxías**, a súa apropiación e adaptación aos propios fins e a **capacidade** de **interaccionar** socialmente ao redor delas. Trátase de desenvolver unha actitude activa, crítica e realista cara ás tecnoloxías e os medios tecnolóxicos, valorando as súas fortalezas e debilidades e respectando principios éticos no seu uso. Por outra banda, a competencia dixital implica a participación e o traballo colaborativo, así como a motivación e a curiosidade pola aprendizaxe e a mellora no uso das tecnoloxías.

Para o adecuado desenvolvemento da competencia dixital resulta necesario abordar:

- A información.
- A comunicación.
- A creación de contidos.
- A seguridade.
- A resolución de problemas.

d) Aprender a aprender (CAA).

Fundamental para a aprendizaxe permanente que se produce ao longo da vida e que ten lugar en distintos contextos formais, non formais e informais. Supón a habilidade para iniciar, organizar e persistir na aprendizaxe.

En canto á organización e xestión da aprendizaxe, a **competencia para aprender a aprender (CAA)** require coñecer e **controlar os propios procesos de aprendizaxe** para axustalos aos tempos e as demandas das tarefas e actividades que conducen á aprendizaxe. A competencia de aprender a aprender desemboca nunha aprendizaxe cada vez máis eficaz e autónomo.

Esta competencia inclúe unha serie de destrezas que requiren a **reflexión** e a **toma de conciencia** dos propios **procesos de aprendizaxe**. Así, os procesos de coñecemento convértense en obxecto do coñecemento e, ademais, hai que aprender a executalos adecuadamente.

Aprender a aprender inclúe coñecementos sobre os procesos mentais implicados na aprendizaxe (como se aprende). Ademais, esta competencia incorpora o coñecemento que posúe o estudante sobre o seu propio proceso de aprendizaxe que se desenvolve en tres dimensións:

- **coñecemento que ten acerca do que sabe e descoñece, do que é capaz de aprender, do que lle interesa, etcétera.**
- **coñecemento da disciplina na que se localiza a tarefa de aprendizaxe e o coñecemento do contido concreto e das demandas da tarefa mesma.**
- **coñecemento sobre as distintas estratexias posibles para afrontar a tarefa.**

Respecto das actitudes e valores, a motivación e a confianza son cruciais para a adquisición desta competencia. Ambas se potencian desde a formulación de metas realistas a curto, medio e longo prazo. Ao alcanzarse as metas aumenta a percepción de auto-eficacia e a confianza, e con iso elévanse os obxectivos de aprendizaxe de forma progresiva. As persoas deben ser capaces de apoiarse en experiencias vitais e de aprendizaxe previas co fin de utilizar e aplicar os novos coñecementos e capacidades noutros contextos, como os da vida privada e profesional, a educación e a formación.

e) Competencias sociais e cívicas (CSC).

Levan a habilidade e capacidade para utilizar os coñecementos e actitudes sobre a sociedade, entendida desde as diferentes perspectivas, na súa concepción dinámica, cambiante e complexa, para interpretar fenómenos e problemas sociais.

➤ A **competencia social** relaciónase co **benestar persoal e colectivo**. Esixe entender o modo en que as persoas poden procurarse un estado de saúde física e mental óptimo, tanto para elas mesmas como para as súas familias e para a súa contorna social próxima, e saber como un estilo de vida saudable pode contribuír a iso.

Implica coñecementos que permitan comprender e analizar de maneira crítica os códigos de conduta e os usos xeralmente aceptados nas distintas sociedades e contornas, así como as súas tensións e procesos de cambio. A mesma importancia ten coñecer os conceptos básicos

relativos ao individuo, ao grupo, á organización do traballo, a igualdade e a non discriminación entre homes e mulleres e entre diferentes grupos étnicos ou culturais, a sociedade e a cultura. Así mesmo, é esencial comprender as dimensións intercultural e socioeconómica das sociedades europeas e percibir as identidades culturais e nacionais como un proceso sociocultural dinámico e cambiante en interacción coa europea, nun contexto de crecente globalización.

Tamén se requiren destrezas como a capacidade de comunicarse dunha maneira construtiva en distintas contornas sociais e culturais, mostrar tolerancia, expresar e comprender puntos de vista diferentes, negociar sabendo inspirar confianza e sentir empatía. As persoas deben ser capaces de xestionar un comportamento de respecto ás diferenzas expresado de maneira construtiva.

E por último relaciónase con actitudes e valores como unha forma de colaboración, a seguridade nun mesmo e a integridade e honestidade. As persoas deben interesarse polo desenvolvemento socioeconómico e pola súa contribución a un maior benestar social de toda a poboación, así como a comunicación intercultural, a diversidade de valores e o respecto ás diferenzas, ademais de estar dispostas a superar os prexuízos e a comprometerse neste sentido.

➤ A **competencia cívica** baséase no **coñecemento crítico dos conceptos de democracia, xustiza, igualdade, cidadanía e dereitos humanos e civís**, así como da súa formulación na Constitución española, a Carta dos Dereitos Fundamentais da Unión Europea e en declaracións internacionais, e da súa aplicación por parte de diversas institucións a escala local, rexional, nacional, europea e internacional. Isto inclúe o **coñecemento dos acontecementos contemporáneos**, así como dos **acontecementos máis destacados e das principais tendencias nas historias nacional, europea e mundial**, así como a **comprensión dos procesos sociais e culturais de carácter migratorio que implican a existencia de sociedades multiculturais no mundo globalizado**.

As destrezas desta competencia están relacionadas coa habilidade para **interactuar eficazmente no ámbito público** e para manifestar **solidariedade** e interese por resolver os **problemas** que afecten a **contorna escolar e á comunidade**, xa sexa local ou máis ampla. Leva a **reflexión crítica** e **creativa** e a **participación construtiva** nas actividades da comunidade ou do ámbito mediato e inmediato, así como a toma de decisións nos contextos local, nacional ou europeo e, en particular, mediante o exercicio do voto e da actividade social e cívica.

As actitudes e valores inherentes a esta competencia son aqueles que se dirixen ao pleno respecto dos dereitos humanos e á vontade de participar na toma de decisións democráticas a todos os niveis, sexa cal for o sistema de valores adoptado. Tamén inclúe manifestar o sentido da responsabilidade e mostrar comprensión e respecto dos valores compartidos que son necesarios para garantir a cohesión da comunidade, baseándose no respecto dos principios democráticos. A participación construtiva inclúe tamén as actividades cívicas e o apoio á diversidade e a cohesión sociais e ao desenvolvemento sustentable, así como a vontade de respectar os valores e a intimidade dos demais e a recepción reflexiva e crítica da información procedente dos medios de comunicación.

Adquirir estas competencias supón ser capaz de poñerse no lugar do outro, aceptar as diferenzas, ser tolerante e respectar os valores, as crenzas, as culturas e a historia persoal e colectiva dos outros.

f) Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).

Sentido da iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE) necesaria para transformar as ideas en actos.

Entre os coñecementos que require esta competencia inclúese a **capacidade de recoñecer as oportunidades existentes para as actividades persoais, profesionais e comerciais**. Tamén inclúe aspectos de maior amplitude que proporcionan o contexto no que as persoas viven e traballan, tales como a **comprensión das liñas xerais que rexen o funcionamento das sociedades e as organizacións sindicais e empresariais**, así como as **económicas e financeiras**; a organización e os procesos empresariais; o deseño e a implementación dun plan (a xestión de recursos humanos e/ou financeiros); así como a **postura ética das organizacións e o coñecemento de como estas poden ser un impulso positivo**.

Así mesmo, esta competencia require das seguintes destrezas ou habilidades esenciais: capacidade de análise; capacidades de planificación, organización, xestión e toma de decisións; capacidade de adaptación ao cambio e resolución de problemas; comunicación, presentación, representación e negociación efectivas; habilidade para traballar, tanto individualmente como dentro dun equipo; participación, capacidade de liderado e delegación; pensamento crítico e sentido da responsabilidade; autoconfianza, avaliación e auto-avaliación, xa que é esencial determinar os puntos fortes e débiles dun mesmo e dun proxecto, así como avaliar e asumir riscos cando estea xustifico (manexo da incerteza e asunción e xestión do risco).

Finalmente, require o desenvolvemento de actitudes e valores como: a predisposición para actuar dunha forma creadora e imaxinativa; o autoconecemento e a autoestima; a autonomía ou independencia, o interese e esforzo e o espírito emprendedor. Caracterízase pola iniciativa, a pro-actividade e a innovación, tanto na vida privada e social como na profesional. Tamén está relacionada coa motivación e a determinación á hora de cumprir os obxectivos, xa sexan persoais ou establecidos en común con outros, incluído o ámbito laboral.

g) Conciencia e expresións culturais (CCEC).

A competencia en conciencia e expresións culturais (CCEC) implica coñecer, comprender, apreciar e valorar con espírito crítico, cunha actitude aberta e respectuosa, as diferentes manifestacións culturais e artísticas, utilízalas como fonte de enriquecemento e goce persoal e consideralas como parte da riqueza e patrimonio dos pobos.

Esta competencia incorpora tamén un compoñente expresivo referido á propia capacidade estética e creadora e ao dominio daquelas capacidades relacionadas cos diferentes códigos artísticos e culturais, para poder utilízalas como medio de comunicación e expresión persoal. Implica igualmente manifestar interese pola participación na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio cultural e artístico, tanto da propia comunidade como doutras comunidades.

Así pois, a competencia para a conciencia e expresión cultural require de coñecementos que permitan acceder ás distintas manifestacións sobre a herdanza cultural (patrimonio cultural, histórico-artístico, literario, filosófico, tecnolóxico, ambiental, etcétera) a escala local, nacional e europea e o seu lugar no mundo. Comprende a concreción da cultura en diferentes autores e obras, así como en diferentes xéneros e estilos, tanto das belas artes (música, pintura, escultura, arquitectura, cinema, literatura, fotografía, teatro e danza) como doutras manifestacións artístico-culturais da vida cotiá (vivenda, vestido, gastronomía, artes aplicadas, folclore, festas...). Incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas e a identificación das relacións existentes entre esas manifestacións e a sociedade, o cal supón tamén ter conciencia da evolución do pensamento, as correntes estéticas, as modas e os gustos, así como da importancia representativa, expresiva e comunicativa dos factores estéticos na vida cotiá.

Devanditos coñecementos son necesarios para poñer en funcionamento destrezas como a aplicación de diferentes habilidades de pensamento, perceptivas, comunicativas, de sensibilidade e sentido estético para poder comprendelas, valoralas, emocionarse e gozalas. A expresión cultural e artística esixe tamén desenvolver a iniciativa, a imaxinación e a creatividade expresadas a través de códigos artísticos, así como a capacidade de empregar distintos materiais e técnicas no deseño de proxectos.

O desenvolvemento desta competencia supón actitudes e valores persoais de interese, recoñecemento e respecto polas diferentes manifestacións artísticas e culturais, e pola conservación do patrimonio.

- **Orden ECD/65/2015. Anexo II. Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula.**

Na Orden ECD/65/2015, de 21 de enero, por la que se describen las relaciones entre las competencias, los contenidos y los criterios de evaluación de la educación primaria, la educación secundaria obligatoria y el bachillerato, descríbense aspectos metodolóxicos a considerar na programación de acordo coas competencias clave.

O texto que segue é a tradución ao galego do contido:

ANEXO II

Orientacións para facilitar o desenvolvemento de estratexias metodolóxicas que permitan traballar por competencias na aula

Todo proceso de **ensino-aprendizaxe** debe partir dunha **planificación** rigorosa do que se pretende conseguir, tendo claro cales son os obxectivos ou metas, que recursos son necesarios, que **métodos didácticos** son os máis adecuados e como se avalía a aprendizaxe e se **retroalimenta** o proceso.

Os **métodos didácticos** débense elixir en función do que se sabe que é **óptimo** para alcanzar as **metas** propostas e en función dos **condicionantes** en que ten lugar o **ensino**.

A **natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe**, polo que será necesario que o **método** seguido polo profesor se axuste a estes **condicionantes** co fin de **propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado**.

Os **métodos** deben partir da **perspectiva** do **docente** como **orientador, promotor e facilitador** do **desenvolvemento competencial** no alumnado; ademais, débense enfocar á realización de tarefas ou situacións-problema, formuladas cun obxectivo concreto, que o alumnado debe resolver facendo un uso adecuado dos distintos tipos de coñecementos, destrezas, actitudes e valores; así mesmo, deben ter en conta a atención á diversidade e o respecto polos distintos ritmos e estilos de aprendizaxe mediante prácticas de traballo individual e cooperativo.

No actual **proceso** de inclusión das **competencias** como elemento esencial do **currículo**, é preciso sinalar que calquera das **metodoloxías** seleccionadas polos docentes para favorecer o desenvolvemento competencial dos alumnos e alumnas se debe **axustar** ao **nivel competencial** inicial destes. Ademais, é necesario secuenciar o ensino de tal modo que se parta de aprendizaxes máis simples para avanzar gradualmente cara a outras máis complexas.

Un dos elementos clave no ensino por competencias é **espertar e manter a motivación** cara á aprendizaxe no alumnado, o que implica unha nova formulación do papel do alumno, activo e autónomo, consciente de ser o responsable da súa aprendizaxe.

Os **métodos docentes** **deberán favorecer a motivación** por aprender nos alumnos e alumnas e, para tal fin, os profesores deben ser quen de xerar neles a curiosidade e a necesidade por adquirir os coñecementos, as destrezas e as actitudes e valores presentes nas competencias. Así mesmo, co propósito de manter a motivación por aprender, é necesario que os profesores procuren todo tipo de axudas para que os estudantes comprendan o que aprenden, saiban para que o aprenden e sexan quen de usar o aprendido en distintos contextos dentro e fóra da aula.

Para potenciar a **motivación** pola **aprendizaxe** de **competencias** requírense, ademais, **metodoloxías activas** e **contextualizadas**. Aquelas que faciliten a **participación** e implicación do **alumnado** e a adquisición e uso de coñecementos en situacións reais serán as que xeren aprendizaxes máis transferibles e duradeiras.

As **metodoloxías activas** débense apoiar en **estruturas** de **aprendizaxe cooperativa**, de forma que, a través da resolución conxunta das tarefas, os membros do grupo coñezan as estratexias utilizadas polos seus compañeiros e poidan aplicarlas a situacións similares.

Para un proceso de **ensino-aprendizaxe competencial** as **estratexias interactivas** son as máis adecuadas, ao permitir compartir e construír o coñecemento e **dinamizar** a sesión de **clase** mediante o **intercambio verbal e colectivo de ideas**. As metodoloxías que contextualizan a aprendizaxe e permiten a aprendizaxe por proxectos, os centros de interese, o estudo de casos ou a aprendizaxe baseada en problemas favorecen a participación activa, a experimentación e unha aprendizaxe funcional que vai facilitar o desenvolvemento das competencias, así como a motivación dos alumnos e alumnas ao contribuír decisivamente á transferibilidade das aprendizaxes.

O **traballo por proxectos**, especialmente relevante para a aprendizaxe por **competencias**, baséase na proposta dun **plan de acción** co que se busca conseguir un determinado **resultado práctico**. Esta metodoloxía pretende axudar o alumnado a organizar o seu pensamento favorecendo neles a **reflexión**, a **crítica**, a elaboración de **hipóteses** e a **tafeainvestigadora** a

través dun proceso en que cada un asume a responsabilidade da súa aprendizaxe, aplicando os seus coñecementos e habilidades a proxectos reais. Favorécese, por tanto, unha aprendizaxe orientada á acción na cal se integran varias áreas ou materias: os estudantes poñen en xogo un conxunto amplo de coñecementos, habilidades ou destrezas e actitudes persoais, é dicir, os elementos que integran as distintas competencias.

Así mesmo, resulta recomendable o uso do portfolio, que proporciona información extensa sobre a aprendizaxe do alumnado, reforza a avaliación continua e permite compartir resultados de aprendizaxe. O portfolio é unha ferramenta motivadora para o alumnado que potencia a súa autonomía e desenvolve o seu pensamento crítico e reflexivo.

A selección e uso de materiais e recursos didácticos constitúe un aspecto esencial da metodoloxía. O profesorado débese implicar na elaboración e deseño de diferentes tipos de materiais, adaptados aos distintos niveis e aos diferentes estilos e ritmos de aprendizaxe dos alumnos e alumnas, co obxecto de atender á diversidade na aula e personalizar os procesos de construción das aprendizaxes. Débese potenciar o uso dunha variedade de materiais e recursos, considerando especialmente a integración das tecnoloxías da información e a comunicación no proceso de ensino-aprendizaxe que permiten o acceso a recursos virtuais.

Finalmente, é necesaria unha adecuada coordinación entre os docentes sobre as estratexias metodolóxicas e didácticas que se utilicen. Os equipos educativos débense propor unha reflexión común e compartida sobre a eficacia das diferentes propostas metodolóxicas con criterios comúns e consensuados. Esta coordinación e a existencia de estratexias conexas permiten abordar con rigor o tratamento integrado das competencias e progresar cara a unha construción colaborativa do coñecemento.

➤ En canto aos obxectivos xerais da Educación Secundaria Obligatoria, temos o Decreto 86/2015. Decreto 86/2015/ Determinación dos Obxectivos da ESO:

Artigo 10. Obxectivos da educación secundaria obrigatoria

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersonal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

➤ **En relación cos principios metodolóxicos, o art. 11 do mesmo decreto (Decreto 86/2015, do 25 de xuño), enumera os principios metodolóxicos aplicables á Educación Secundaria Obrigatoria:**

Artigo 11. Principios metodolóxicos

1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da atención á diversidade e do acceso de todo o alumnado á educación común. Así mesmo, arbitrarán métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorezan a capacidade de aprender por si mesmos e promovan a aprendizaxe en equipo. De conformidade co establecido no artigo 26.3 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a consellería con competencias en materia de educación establecerá as condicións que permitan que, nos primeiros cursos da etapa, o profesorado coa debida cualificación imparta máis dunha materia ao mesmo grupo de alumnos e de alumnas.

2. A metodoloxía didáctica neste etapa será nomeadamente activa e participativa, favorecendo o traballo individual e o cooperativo do alumnado, así como o logro dos obxectivos e das competencias correspondentes.

3. Procurarase o traballo en equipo do profesorado co obxecto de proporcionar un enfoque multidisciplinar do proceso educativo, garantindo a coordinación de todos os membros do equipo docente de cada grupo.

4. No proxecto educativo e nas programacións didácticas fixaranse as estratexias que desenvolverá o profesorado para alcanzar os estándares de aprendizaxe avaliados previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a adquisición das competencias.

5. A intervención educativa debe ter en conta como principio a diversidade do alumnado, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha atención personalizada en función das necesidades de cadaquén. Os mecanismos de reforzo, que se deberán pór en práctica tan pronto como

se detecten dificultades de aprendizaxe, poderán ser tanto organizativos como curriculares.

6. Prestarase unha atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias, e fomentarse a correcta expresión oral e escrita, e o uso das matemáticas. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e a comunicación, o emprendemento e a educación cívica e constitucional traballaranse en todas as materias.

7. Coa finalidade de promover a comprensión de lectura e de uso da información, dedicarase un tempo á lectura na práctica docente de todas as materias.

8. Promoverase a integración e o uso das tecnoloxías da información e da comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

10. Os centros docentes impartirán de xeito integrado o currículo de todas as linguas da súa oferta educativa, co fin de favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe. No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas. Estas medidas incluírán, polo menos, acordos sobre criterios metodolóxicos básicos de actuación en todas as linguas, acordos sobre a terminoloxía que se vaia empregar, e o tratamento que se lles dará aos contidos, aos criterios de avaliación e aos estándares de aprendizaxes similares en cada materia lingüística, de xeito que se evite a repetición dos aspectos comúns á aprendizaxe de calquera lingua.

De conformidade co establecido no artigo 26.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, estableceranse medidas de flexibilización e alternativas metodolóxicas na ensinanza e avaliación da lingua estranxeira para o alumnado con discapacidade, en especial para aquel que presenta dificultades na súa expresión oral.

Estas adaptacións en ningún caso se terán en conta para minorar as cualificacións obtidas.

PROGRAMACIÓN XEOGRAFÍA E HISTORIA

Educación Secundaria Obrigatoria

CURSO 2018-19

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN:

O Concello de Noia

Superficie: 37,2 km²

Poboación: 14.337 habitantes (Fonte: INE - 2016)

Parroquias de Noia: Seguindo o nomenclátor de 2011, o municipio comprende a vila de Noia e 5 parroquias:

- Santa María de Argalo
- Santa Cristina de Barro
- San Pedro de Boa
- Santa Mariña de Obre
- Santa María de Roo

Economía do concello:

En canto á **estruturasocio-económica** de Noia, débese destacar que se trata dunha **comarca** de eminente carácter **urbano**, na que as **actividades agropecuarias** de subsistencia tenden a **desaparecer** fronte a un **sector industrial, pesqueiro** e, sobre todo **terciario**, en franco **crecemento**. O **motoreconómico** da vila noíesa está centrado en dous sectores: o sector **servizos** e o sector **primario**. No sector **servizos** destaca o **comercio**, xa que Noia é un pobo de **tradición comercial**: antigamente a **Noia** se a coñecía pola **calidade** das súas **peles** e os seus **zapatos**.

- No **sector primario** a actividade económica por excelencia é o **marisqueo**, do cal viven numerosas familias. A actividade pesqueira da comarca localízase fundamentalmente nos **portos** de **Noia, O Freixo, Portosín e Porto do Son**, nos que ten a súa base unha importante flota artesanal e de litoral dedicada ao marisqueo e á pesca. En **Noia**, esta actividade concéntrase no porto de **Testal**, situado xunto á praia do mesmo nome, onde se encontran varios **bancos marisqueiros**. Os principais bivalvos que se capturan na ría son o **berberecho** e a **ameixa**, tanto a **fina** coma a **babosa**.
- É o **sector terciario** o que maior porcentaxe de poboación ocupa, próximo xa ao 50%. A oferta de **servizos** localízase fundamentalmente na **vila de Noia**, seguida das de Porto de Son e Outes. A actividade **comercial**, os transportes e, sobre todo, as relacionadas co **sectorturístico** son as que teñen unha **maior importancia** na **economía** da comarca, especialmente durante os meses de verán nos que se incrementa notablemente a súa poboación. A pesar da crecente importancia que o **turismo** está a ter nos últimos anos, este sector

aínda non monopoliza a economía da localidade. Non obstante, existen **diversos establecementos hoteleiros dispersos** pola vila, así como numerosos bares e restaurantes.

- ❖ **Perspectivas socioeconómicas:** As **perspectivas socioeconómicas** deberían pasar por se-las dun concello situado no entorno dun **territorio privilexiado**: o **eixo atlántico**, vertebrado pola **autoestrada** entre **Ferrol** e **Tui**. A Galicia moderna e do S. XXI tenderá a concentrarse nesa extensa conturbación excelentemente comunicada externa e internamente, na que se situarán as dinámicas creativas máis importantes. Esta **situación** de **privilexio** debería influír de forma positiva no devir noiés, xa que o máis dinámico dos nodos do eixo, **Santiago de Compostela**, está situado a menos de 35 quilómetros de Noia. A nova vía de alta capacidade Brión-Noia, de máis de 17 Km. de lonxitude, constitúe o principal eixo de comunicación entre Noia e Santiago de Compostela.

A mellora das **comunicacións** e da **infraestrutura hoteleira**; a xestión e posta en valor do **patrimonio** cultural e da continuación do camiño de Santiago ata o mar, seguindo en sentido inverso o percorrido de romeiros medievais; a rehabilitación racional do casco histórico, cunha oferta de vivendas para primeira residencia e a recuperación e revitalización do espazo natural da ría e o seu entorno, son os primeiros pasos para desenvolver unha industria da cultura e do lecer, cun tecido empresarial dinámico e moderno, foco de atracción para reter ás novas xeracións e frea-la tendencia migratoria.

Asemade, será preciso deseñar e aplicar programas para manter un **turismo continuo** e de calidade ao longo de todo o ano, máis aló da temporada de verán.

O carácter de **centro comarcal tradicional** con clara especialización **comercial** terá que afrontar as novas formas de comercialización con diversas alternativas de consumo, novas canles de comunicación, novas tecnoloxías e modalidades de compra.

Un pouco de Historia e Arte en Noia:

Noia é unha vila que conserva un dous mellores cascos antigos de Galicia. En documentos antigos figura a cidade de Noia coas súas dúas localidades ou barrios: o de Noela, onde agora está o barrio de Campo e o *Novium*, novo burgo amurallado coincidente co actual casco histórico. Ao converterse en residencia habitual do arcebispo Berenguel de Lendoira, recibiu favores como a construción da igrexa de Santa María e fortificación cunha muralla de doce portas con arcos oxivais e torres grandes. Todo iso foi demolido na súa maior parte durante o século XVIII. A Porta da Vila introdúcenos no conxunto histórico. A súa visita pode comezar polo templo de Santa María a Nova co seu cemiterio gremial e continuar polos templos de San Martiño e San Francisco. San Martiño, gótico galego da primeira metade do século XV, destaca pola súa fachada cun gran rosetón e porta ao estilo compostelán, con arquivoltas e xambas decoradas ricamente con esculturas como os doce anciáns con instrumentos musicais. No seu interior a capela de Valderrama cóbrese con bóveda estrelada. No soar do antigo convento de San Francisco, edificio renacentista, construíuse a Casa Consistorial, aproveitando pezas doutros pazos e partes do convento.

A importancia do seu pasado queda reflectida na abundancia de pazos e casas señoriais. Fronte á igrexa de Santa María está o pazo barroco dos García Suárez ou Senra. Paga a pena contemplar a Casa da Xouba, o pazo Dacosta e Fornodo Rato. Na Praza do Curro, áchase o *Hospital de Sancti Spíritus*, que foi Colexio de Gramática no S.XVII.

Modernista é o Coliseo Noela.

De forte sabor mariñeiro son as rúas de soportais, usadas antano para gardar barcas.

Fontes:

- Webs do Concello de Noia
- “PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL DE NOIA. Documento de Aprobación Inicial”

Datos identificadores do centro. Titularidade

Nome: **IES Campo de San Alberto**

Enderezo: Rúa Egas Moniz s/n

Localidade: Noia

Provincia: A Coruña

Código do Centro: 15026731

O **IES Campo de San Alberto** é un centro de titularidade pública, dependente da Consellería de Educación (Xunta de Galicia). No mesmo concello contamos con outros centros educativos: o *IES Virxe do Mar*, o *CEIP Felipe de Castro*; o *CPR Plurilingüe María Assumpta*; o *CPR Jaime Balmes* e o *CEIP plurilingüe Alexandre Rodriguez Cadarso* que é o noso centro adscrito situado en Santa Cristina (Barro).

Alumnado:

En relación coa poboación, sinalar que o centro conta cun colectivo de alumnos maioritariamente de clase media e baixa (**traballadora**), con **problemáticas familiares singulares**, paro, ... É alumnado de procedencia diversa – colectivo xitano, alumnos de cor, de migracións: interior, ou de América e África-.

O **alumnado** de **Secundaria** do IES procede maioritariamente do Concello de Noia, se ben hai que engadir que parte do alumnado de 3º e 4ª da ESO proceden doutros centros públicos ou concertados do concello; nos diversos cursos contamos con repetidores propios ou alleos.

Esta composición nos sitúa ante un **colectivo academicamente** de **distintos niveis**. A **conflitividade** na **ESO**, no centro, percíbese como **baixa**.

O **nivel social do alumnado** na **ESO** é como o do centro en xeral: **medio e medio / baixo**.

A maioría dos pais/nais posúen estudos **primarios** e **secundarios** e o pouco tempo que poden dedicar aos seus fillos e fillas, xunto co escaso control do seu traballo escolar, é un *hándicap* para a boa marcha do alumnado..

Ensinanzas que **oferta** o centro:

- **Oferta formativa en ESO**.
- **Bacharelato** que pode elixirse entre dúas opcións (**Ciencia e Tecnoloxía/ Humanidades e Ciencias Sociais**).
- **Formación Profesional**: consta do **FP Básica, FP de nivel Medio e Superior**.
 - **F.P. Básica**: Electrónica e electricidade.
 - **Ciclos Medios**:

- Xestión Administrativa
- Instalación de Telecomunicacións
- Ciclos Superiores:
 - Laboratorio Clínico e Biomédico
 - Administración e Finanzas
- Educación secundaria de adultos. ESA

Características singulares: Temos alumnado de familias desestruturadas e difícil comunicación familiar. Hai un considerable fracaso escolar.

A **programación** das materias ha de tentar **adaptarse** as circunstancias específicas destes alumnos e **revisada** periodicamente coa finalidade de lograr **obxectivos básicos** e poder **motivar** a todo o alumnado, procurando dar **atención á diversidade** que temos.

INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN XERAL DAS MATERIAS DE XEOGRAFÍA E HISTORIA PROPIAS DESTE DEPARTAMENTO

As materias do **DEPARTAMENTO DE XEOGRAFÍA E HISTORIA (e Arte)**, teñen **recoñecida** a súa **especificidade** nas **últimas construcións curriculares**. É innegable a súa **contribución** na **formación integral** do alumnado na **ESO** e no **Bacharelato**.

Con estas materias **preténdese** profundizar no **coñecemento** da **sociedade**, da súa **organización** e **funcionamento** nun **territorio**, a través do **tempo** e na **actualidade**, utilizando o **aprendido** polo alumnado na **etapa anterior de Primaria** na **ÁREA de COÑECEMENTO DO MEDIO NATURAL, SOCIAL E CULTURAL**.

A **atención á Xeografía e á Historia** como referentes da área, queda **xustificada** polo seu **acusado** carácter **integrador** e **globalizador** e pola súa **sensibilidade** ao interpretar o **espazo natural e social** e a súa **evolución** a través do **tempo**.

A **complexidade** das **sociedades actuais** e a **aparición** de novas **temáticas** como a **educación ambiental, cívica, para o consumo, a paz ou o lecer**, obrigan a **incorporación** de **contidos** doutras **disciplinas**: **Socioloxía, Antropoloxía, Economía, Ecoloxía**, ... que inciden en **perspectivas** de **estudo, observación e análise diferentes** para lograr o **obxectivo común**, que é o **coñecemento da realidade social**.

Na **análise** do fondo **espacial** é axeitado o **enfoque eco-xeográfico**, xa que permite **considerar** as múltiples **variables** -naturais e antrópicas- que conforman un **espazo** e, ademais, **atende** o **dinamismo interno** de cada **variable** e das súas **interaccións**. A **paisaxe, unidade espacial** de análise, ten especial **relevancia** e permite **abordar** o **estudio** dos **problemas** aos que a **XEOGRAFÍA** debe responder.

A **HISTORIA** proporciona ao alumnado o **coñecemento global** necesario para **entender** o **presente** e mellorar o **futuro**. Será obrigado a **facer emerxer**, na práctica diaria, os **suxeitos históricos**, ata hai pouco, **silenciados**: as **mulleres**, a **clase obreira**, os **pobres**, os **emigrantes**... dándolles o papel que lles corresponde e que vai permitir unha **renovación do discurso histórico**.

Non se pode **esquecer** adquirir e **dominar** un **vocabulario conceptual propio** e a **capacidade** para **utilizalo** e **xeneralizalo correctamente**.

As **materias** permiten **desenvolver** unha **metodoloxía** que **compare** o **inmediato** e o **afastado**; o **propio** e o **aleno**; o **concreto** e o **abstracto**; xustificando así

a importancia que no currículo debe concederse aos aspectos da xeografía, a historia e a cultura de GALICIA.

Terase presente, ao introducir contidos METODOLÓXICOS, a importancia de saber interpretar FONTES de diversa tipoloxía, a comprensión da multi-causalidade e a intencionalidade na interpretación dos procesos, o uso adecuado da información e o manexo da documentación.

A FINALIDADE das materias concretaríase en dar unha visión global do mundo e dotar dun conxunto de valores cívicos para que o alumnado adopte unha actitude ética, crítica e comprometida dentro dunha sociedade complexa, plural e solidaria.

Da contextualización DESTACAREMOS, que o IES CAMPO DE SAN ALBERTO inscríbese nunha contorna de pequena vila marítima preto da cidade de Santiago de Compostela. Os alumnos proceden de familias de clases medias e traballadoras (profesións liberais, comerciantes, funcionarios, hostaleiros, mariscadores, empregados en xeral, etc.). En xeral son familias que, coas súas problemáticas, valoran os estudos como proxección de futuro para os seus fillos.

1º, 2º e 3º CURSO ESO

LA MATERIA de XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º, 2º e 3º da ESO no CONTEXTO EDUCATIVO do CENTRO:

Atendendo ao marco xurídico establecido pola Consellería de educación (Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) é preciso reproducir o texto do ANEXO do DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, en relación coa materia de XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO que asumimos na súa totalidade.

O mencionado texto sinala:

“O coñecemento da sociedade, a súa organización e o seu funcionamento ao longo do tempo, é esencial para poder entender o mundo actual. Coñecer o espazo onde se desenvolven as sociedades, os recursos naturais e o uso que se lles deu achéganos datos sobre o pasado e permítenos anticipar algúns dos problemas do futuro.

As disciplinas de Xeografía e Historia son dous importantes eixes vertebradores para o coñecemento da sociedade, xa que abranguen a realidade humana e social desde unha perspectiva global e integradora, e ofrecen unha maior capacidade para a estruturación dos feitos sociais. Malia isto, a sociedade actual, cada vez máis complexa, require a intervención doutras disciplinas como a economía, a socioloxía, a ecoloxía ou a historia da arte, que achegan análises diferentes e complementarias, para a mellor comprensión da realidade social.

En ESO, a materia de **Xeografía e Historia** pretende **afondar** nos **coñecementos** adquiridos polo **alumnado** na **educación primaria**; **favorecer a comprensión dos acontecementos, os procesos e os fenómenos sociais no contexto** en que se **producen**, tendo sempre en **consideración as escalas de estudo** (o mundo, Europa, España e Galicia); **analizar os procesos** que dan lugar aos **cambios históricos** e seguir **adquirindo as competencias necesarias** para comprender a **realidade** do mundo en que viven, as **experiencias colectivas pasadas e presentes**, a súa **orientación no futuro**, así como o **espazo** en que se **desenvolve a vida** en **sociedade**.

A **achega** da materia de **Xeografía e Historia** ao desenvolvemento das **competencias chave** é moi **salientable**. Deste xeito, poderíamos dicir que **a través da materia** se desenvolven **competencias** que na **práctica** funcionan como **propias** (as **competencias sociais e cívicas, en relación con contidos propios tanto de Historia como de Xeografía, e a competencia matemática e as competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, en Xeografía**); a **competencia de conciencia e expresións culturais** ten unha **presenza destacada** pola **relación** que o estudo das **manifestacións artísticas** e a **evolución do pensamento e da cultura** teñen na **historia**, e de maneira específica na **Hª da Arte**. A **importancia** que a materia ten para o **desenvolvemento** da **competencia de sentido da iniciativa e espírito emprendedor** evidénciase na **dimensión conceptual** desa competencia posta en relación con **coñecementos de xeografía e historia económicas**, pero tamén na **dimensión máis procedemental** dela.

O desenvolvemento das **competencias de comunicación lingüística e dixital, e de aprender a aprender**, impregnan todo o **currículo** de **Xeografía e Historia**, pois presentan unha **dimensión instrumental** que nos obriga a telas presentes ao longo dos catro cursos de ESO.

A **Xeografía** organízase, no **1º ciclo**, nos **bloques titulados "O medio físico" e "O espazo humano"**, e en **cuarto curso** céntrase **na globalización**.

A **Historia** estuda as **sociedades ao longo do tempo**, seguindo un **criterio cronolóxico** ao longo dos **dous ciclos de ESO**.

Na secuencia dos **tres primeiros cursos de ESO** tivéronse en especial **consideración dos factores**: por unha banda procurouse unha **repartición o máis equilibrada posible entre a Xeografía e a Historia nos tres cursos** e, por outra, intentouse **secuenciar do xeral ao particular, traballando nos primeiros cursos con contidos máis globalizados e incrementando o nivel de complexidade á medida que se avanza na etapa**.

Dese xeito, procúrase **ir da identificación e da localización dos primeiros cursos en xeografía** cara a **realización de tarefas máis elaboradas no remate da etapa**.

A **Historia** recibe un **tratamento semellante**, pois os **contidos** cos que o alumnado traballará nos **primeiros cursos** presentan **un enfoque máis xeral**, que abrangue o **devir humano ata o século XVIII** e deixa o **derradeiro curso** da etapa para o estudo da **historia contemporánea**. En todo caso, a **evolución histórica dos dereitos da muller** ata a **actualidade** debe formar parte do **desenvolvemento curricular** a aplicar na **aula**.

Deberase **ter en conta** o traballo de todos os **elementos transversais** do **currículo** cando cumpra. Neste sentido, merecen unha mención especial a

educación cívica, a comprensión de lectura, a expresión oral e escrita, e o traballo con tecnoloxías da información e da comunicación.

A materia de **Xeografía e Historia** é un **vehículo adecuado** para animar ao **emprendemento**. Ademais, o **desenvolvemento sustentable e o medio, os riscos de explotación e o abuso e maltrato son ineludibles**.

O **tratamento metodolóxico** da materia débese axustar ao **nivel competencial inicial** do alumnado, **partindo** cando cumpra de **aprendizaxes máis simples, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe** que teñan en conta a **atención á diversidade**. **Xeografía e Historia** permite desenvolver **metodoloxías activas**, nas que o **traballo individual e cooperativo** e a **aprendizaxe por proxectos** estean permanentemente presentes, con **elaboración de diferentes tipos de materiais**, integrando de xeito especial as **tecnoloxías da información e da comunicación** e cun **enfoque orientado á realización de tarefas e á resolución de problemas**. É moi importante ter presente o **papel do/da docente como orientador/a, promotor/a e facilitador/a** do **desenvolvemento competencial** do alumnado, e **non esquecer a adecuada coordinación entre docentes**.

XEOGRAFÍA E HISTORIA da ESO: pretensións.

Na materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA da ESO**, o **estudo** e a **formación** en **XEOGRAFÍA e HISTORIA** fanse necesarios nun **contexto** moi **globalizado**, no que as **relacións económicas e políticas** son cada vez máis **complexas e globais**.

A **XEOGRAFÍA e HISTORIA** está presente en todos os aspectos da nosa **vida cotiá**, calquera cidadán debe -e necesita- coñecer as **regras básicas** que explican os **acontecementos históricos, xeográficos, políticos ou económicos** e a **linguaxe específica** que é utilizada polos **especialistas** e os **medios de comunicación** para analizar eses feitos. A **realidade** non pode entenderse correctamente sen considerar o os acontecementos con **perspectivas temporais** ou **xeográficas**.

O estudo da **XEOGRAFÍA e HISTORIA** axuda a **percibir** e **coñecer** o **mundo** que nos rodea, e posibilita analizar e profundar nas **relacións humanas** desde **aspectos económicos, históricos, políticos ou xeográficos, ademais de culturais**, incluíndo diferentes **variables** de contexto; facilita a comprensión dos **conceptos** utilizados habitualmente na **economía, política, dereito, cultura, arte, etc**, potencia as **habilidades** e destrezas de **razoamento, abstracción e interrelación** e proporciona **ferramentas** para entender as **noticias** que aparecen nos medios de comunicación e **examinar** de forma **crítica** a **sociedade** na que nos desenvolvemos. Contribúe a desenvolver a **curiosidade intelectual**, a **capacidade analítica**, o rigor e a **amplitude** de **perspectivas** ao facer fronte ao estudo e **investigación** de **diversos temas: pobreza, educación, saúde, riqueza, medio-ambiente**, etc.

Unha **correcta formación** nas materias de **XEOGRAFÍA e HISTORIA** que mellore a **competencia** en **materias sociais** de nosos estudantes contribuirá a que estes **toquen decisións** máis **formadas**, o que a longo prazo **contribuirán** ao mantemento dos **alicerces do Estado do Benestar en que vivimos**.

Deste xeito formulamos as **pretensións xerais**:

1.- **Asumir responsablemente os seus deberes**, coñecer e exercer os seus **dereitos** no respecto aos demais, practicar a **tolerancia**, a **cooperación** e a **solidariedade** entre as persoas e grupos, exercitarse no **diálogo** afianzando os dereitos humanos e a **igualdade** de trato e de oportunidades entre **mulleres e homes**, como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da **ciudadanía democrática**.

2.- Desenvolverse e consolidar **hábitos de disciplina, estudo e traballo individual** e en **equipo** como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da **aprendizaxe** e como medio de **desenvolvemento persoal**.

3.- Desenvolver **destrezas básicas** na utilización das **fontes de información** para, con **sentido crítico**, adquirir novos **coñecementos**. Adquirir unha **preparación básica** no campo das **tecnoloxías**, especialmente as da **información** e a **comunicación**.

4. Concibir o **coñecemento científico** como un saber **integrado**, que se estrutura en distintas **disciplinas**, así como coñecer e aplicar os **métodos** para identificar os **problemas** nos diversos campos do coñecemento.

5. Desenvolver o **espírito emprendedor** e a **confianza** en si mesmo, a **participación**, o **sentido crítico**, a **iniciativa persoal** e a **capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades**.

6. **Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito**, na lingua castelá e galego, e textos e mensaxes complexos

A **METODOLOXÍA a empregar** no **desenvolvemento** da **materia** fai protagonista especial á **práctica directa** a través do uso de **recursos didácticos específicos**, co fin de que o **alumno observe** e **interprete os feitos históricos e xeográficos** polos **textos, imaxes, mapas** ou **informacións estatísticas**.

Partindo dos **coñecementos** que ten adquirido o **alumnado** é convinte empregar dous tipos de **estratexias**, de **exposición** e **indagación**.

1. A de **exposición** deberanse aplicar de xeito preferente para os **feitos e conceptos** mais **abstractos**.
2. A de **indagación** emprégase nos **pequenos traballos de investigación, individualmente** ou en **grupos, favorecendo a reflexión, a crítica, a elaboración de hipóteses**, asumindo cada un a **responsabilidade** da súa **aprendizaxe**. Neste senso é **importante** o **uso** das **tecnoloxías da información e da comunicación**, as **TIC**.

Na **memorización** dos **coñecementos** é primordial acadar o **equilibrio** entre **comprensión** e **memorización**.

No **desenvolvemento curricular** da materia é preciso axudar a **discernir** con claridade o que son **datos informativos esenciais**, determinantes, en cada tema y que **requeren** ser **memorizados** e **os que soamente teñen interese circunstancial**. É convinte **destacar** no **desenvolvemento** de **técnicas de traballo intelectual, a comezo do curso**, insistindo na **comprensión lectora** e na **capacidade de expresarse**

correctamente. Con base nisto, débense **promover actividades** para **estimular** o **interese** e o **hábito** da **lectura**, a **expresión oral e escrita**, así como aquelas que requiran do uso dun **vocabulario rigoroso** á hora de elaborar **redaccións, resumes, esquemas**, etc. Do mesmo xeito, será tarefa básica a **adquisición** dun **pensamento evolutivo, abstracto, de interrelación e lóxico**, con o fin de potenciar a **análise multicausal** e a **comprensión das situacións espazo-temporais**.

II- RELACIÓN E CONCRECIÓN DOS: OBXECTIVOS; CONTIDOS; CRITERIOS DE AVALIACIÓN; ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE; COMPETENCIAS CLAVE:

- Como sinalábam as **competencias clave** do **currículo** serán as seguintes:

- a) **Comunicación lingüística (CCL).**
- b) **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).**
- c) **Competencia dixital (CD).**
- d) **Aprender a aprender (CAA).**
- e) **Competencias sociais e cívicas (CSC).**
- f) **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).**
- g) **Conciencia e expresións culturais (CCEC).**

CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS:

En canto á **contribución** ás **competencias**, hai que lembrar que na **programación** da materia, os **contidos** deben estar ao **servizo** das **competencias**, non son un fin, senón un **medio** para **adquirir** as **competencias clave** a través do **desenvolvemento** dunha serie de **capacidades**. O carácter **integrador** da **materia** da **Xeografía e Historia** contribúe ao **desenvolvemento** das **competencias clave**, cuxa **adquisición** se entende como a combinación de **coñecementos, capacidades, ou destrezas, e actitudes adecuadas** ao **contexto**.

A materia de **Xeografía e Historia** intervén no **desenvolvemento** da **Comunicación lingüística** a través do **coñecemento** e o uso correcto do **vocabulario específico** da **materia**, ao **utilizar** diferentes **variantes** do **discurso** (*descripción, narración, argumentación*); tamén grazas á **lectura comprensiva** e a **interpretación** de **textos** ou o **comentario** de **imaxes** para **potenciar** o **uso da linguaxe icónica**. Ademais a **Xeografía e Historia** relaciónase coa **procura** de **información** en **diversas fontes**, e a propia **construción** do **coñecemento** a través dun **proceso** que vai desde a **información** ata as **interpretacións explicativas**. Tamén **contribuirá** a **desenvolver** as **destrezas** necesarias para a **elaboración** de **mensaxes** convertendo ao **estudante** nun **axente comunicativo** que **recibe e produce** mensaxes. Na **Competencia matemática e competencias básicas en**

ciencia e tecnoloxía, na **Xeografía e Historia** estas **competencias desenvolveranse** co uso de *nocións estatísticas básicas, escalas numéricas e gráficas, operacións matemáticas sinxelas (porcentaxes, proporcións...), representacións gráficas (escalas, diagramas, eixos cronolóxicos, ...), selección de fontes de información, contraste de datos, etc.* Esta **aprendizaxe** facilita que o **alumno** sexa **consciente** da **aplicación á realidade dos coñecementos matemáticos, científicos e tecnolóxicos**.

A **Competencia dixital** desenvólvese ao **traballar** coa **información**, procedente de **diversas fontes** dispoñibles na **rede**, **analizada** con sentido **crítico** para **contrastar** a súa **fiabilidade**, e que require **coñecementos** e **habilidades** necesarios para **desenvolverse** adecuadamente nunha **contorna dixital**. Preténdese que o **alumnado** cree **contidos dixitais** a través de **diferentes aplicacións informáticas**.

A **Competencia en aprender a aprender** promóvese ao **fomentar** o **desexo** de **indagar** no **pasado** ou na **contorna**, e **analizar** e **interpretar** os **fenómenos xeográficos, históricos e culturais** para dar **respostas** aos **desafíos actuais**, á vez que desenvolve a **capacidade** de **auto-aprendizaxe** de xeito **autónomo** e **permanente**.

O **desenvolvemento** das **Competencias sociais e cívicas** é fundamental en **Xeografía e Historia**. O **coñecemento** de **diferentes realidade sociais** ao longo do **tempo** facilita que o **alumnado** comprenda que *non hai realidade permanentes*, que **poden cambiar**, polo que debe **respectar** as **distintas realidade** que se producen na súa **contorna** e **noutras diferentes** ao seu. O **estudante** debe ser **consciente** de que vive nunha **sociedade** cada vez máis **plural**, nun **mundoglobalizado**. Esta **competencia** alcanza o seu **sentido** cando o **estudante** é un **cidadán activo**, que **aplica** os **coñecementos** e **actitudes** adquiridos na súa **contorna social e académica**, **interpreta** os **problemas** e **elabora** respostas, **participa** con outras persoas e grupos, **practicando** a **tolerancia** e a **non discriminación**, **valorando** e **respectando** a **diferenza de sexos, de razas e de procedencias** e a **igualdade de dereitos e oportunidades entre eles**, **desenvolvendo** un **talante democrático** e **integrador**.

A **Competencia en sentido de iniciativa e espírito emprendedor** desenvólvese na **planificación** e **elaboración** de **traballos** ou do **estudo** e a **autorregulación** da propia **aprendizaxe**, e na **resolución** de **problemas expostos**, na **asunción** de **riscos**, na **toma de decisións**, na **concienciación social e ecolóxica** e a **responsabilidade dos seus hábitos cotiáns**, a súa **vida familiar** e a súa **futura vida profesional**. En todo iso a **Xeografía e a Historia** xogan un **papel relevante**.

A **Xeografía e Historia** é básica na **Conciencia e expresións culturais**. Trátase de **espertar** no **alumno** o **aprecio** polas **diferentes culturas** e pola **arte** en si mesmos. A **educación** das **emocións**, o **aprecio** non só das **grandes obras** de **arte** da **Historia** senón daquelas que forman parte da **contorna** máis **próxima** ao **alumnado**, convértese en **instrumentos** polos que podemos medir o **desenvolvemento** desta **competencia**. Ademais, o tratamento desta competencia crea **actitudes persoais** como **apreciar a cultura e a arte da súa contorna**, **interesarse pola conservación do patrimonio cultural-artístico**, **respectar a diversidade de manifestacións artísticas e culturais**, **valorar a liberdade de expresión**, e **desenvolver un espírito crítico construtivo ao estudar e analizar as obras de arte e as correntes culturais**;

por último, permite **entender** a **relación** entre estas **manifestacións** e as **sociedades** que as crean.

A Consellería de Educación, no seu **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29)**, establece o currículo da materia de **Xeografía e Historia de 1º da ESO**.

Reproducimos o **contido**:

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
Bloque 1. O medio físico				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun 	

<p style="text-align: center;">XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO</p>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMC ▪ CT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Medio natural europeo: principais trazos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ g 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD
<ul style="list-style-type: none"> ▪ b ▪ e ▪ f ▪ h ▪ m 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC ▪ CT ▪ CD ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CAA ▪ CMC

<p style="text-align: center;">XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO</p>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			continente.	CT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f ▪ m	▪ B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.	▪ B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.	▪ XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.	▪ CAA ▪ CMC CT ▪ CD
▪ b ▪ e ▪ f ▪ g ▪ h ▪ m	▪ B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.	▪ B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.	▪ B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.	▪ CAA ▪ CMC CT ▪ CD ▪ CCL
▪	▪ Bloque 3. A Historia			▪
▪ g ▪ l ▪ ñ	▪ B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.	▪ B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.	▪ XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.	▪ CSC ▪ CCE C
▪ g ▪ l ▪ ñ	▪ B3.2. Fontes históricas.	▪ B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.	<p>▪ XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.</p> <p>▪ XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.</p> <p>▪ XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.</p>	<p>▪ CSC ▪ CAA</p> <p>▪ CSC ▪ CAA</p> <p>▪ CSC ▪ CAA</p>
▪ l ▪ ñ	▪ B3.3. Cambio e continuidade.	▪ B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.	▪ XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.	▪ CSC ▪ CMC CT
▪ f	▪ B3.4. Tempo histórico.	▪ B3.4. Entender que os acontecementos e os	▪ XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á	▪ CSC

<p style="text-align: center;">XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO</p>				
Objetivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ ñ 		<p>procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).</p>	<p>vez en diferentes enclaves xeográficos.</p>	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CMC ▪ CT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ h ▪ I ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Vocabulario histórico e artístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Evolución das especies e a hominización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.6. Entender o proceso de hominización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMC ▪ CT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMC ▪ CT
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMC ▪ CT ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ c ▪ g ▪ h ▪ I ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. ▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. ▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un. ▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai". 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCE ▪ C
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA ▪ CCL

<p style="text-align: center;">XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO</p>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
<ul style="list-style-type: none"> ▪ I 				
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Idade Antiga: invención da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos). 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CMCCT ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ h ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCEC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ h ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentes tipos 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCL ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ I 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do Mediterráneo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA

<p style="text-align: center;">XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO</p>				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
	polis gregas.			
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ f ▪ g ▪ h ▪ l ▪ n 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CCL
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CMC ▪ CT ▪ CAA ▪ CCL
<ul style="list-style-type: none"> ▪ a ▪ c ▪ d ▪ g ▪ l 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.20.1. Confecciona un mapa coas etapas da expansión de Roma. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CAA
<ul style="list-style-type: none"> ▪ g ▪ l ▪ n ▪ ñ 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CAA
			<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ CSC ▪ CCE ▪ C ▪ CAA

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO				
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave
			<ul style="list-style-type: none"> XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. 	<ul style="list-style-type: none"> CSC CCEC

2.1-OBXECTIVOS NA PROGRAMACIÓN DE Xeografía e Historia de 1º da ESO.

En relación cos obxectivos concretos da materia **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**, a tenor do sinalado no **art. 10 do Decreto 86/2015/** que determina os **Obxectivos da Educación Secundaria Obrigatoria**, con base no currículo da materia, os **obxectivos do currículo** serían:

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.

e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.

g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

...

l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.

m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

....

2.2 CONTIDOS PREESTABLECIDOS NA PROGRAMACIÓN

Os **CONTIDOS** concretos da materia **Xeografía e Historia de 1º da ESO**, ao teor do sinalado no **Decreto 86/2015/** que determina o currículo de Secundaria e Bacharelato, con base no currículo da materia de **Xeografía e Historia de 1º da ESO**, serían:

❖ **Bloque 1. O medio físico**

- B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar.
- B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica.
- B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos.
- B1.4. Localización. Latitude e lonxitude.
- B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta.
- B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía.
- B1.7. Medio natural europeo: principais trazos.
- B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo.
- B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo.
- B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos.
- B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais.

❖ **Bloque 3. A Historia**

- B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia.
- B3.2. Fontes históricas.
- B3.3. Cambio e continuidade.
- B3.4. Tempo histórico.
- B3.5. Vocabulario histórico e artístico.
- B3.6. Evolución das especies e a hominización.
- B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga.
- B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global.

- B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores.
- B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social.
- B3.9.3. Prehistoria galega: megálitos e petróglifos.
- B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura.
- B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política.
- B3.12. Idade Antiga: invención da escritura.
- B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto.
- B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia.
- B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto.
- B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión.
- B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión comercial e política das polis gregas.
- B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo.
- B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía.
- B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo.
- B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura.
- B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo.

Precisións dos BLOQUES DE CONTIDOS

- **Contidos comúns do 1º ciclo da ESO**
- Lectura e interpretación de imaxes e mapas de diferentes escalas e características. Percepción da realidade xeográfica mediante a observación directa ou indirecta. Interpretación de gráficos e elaboración destes a partir de datos.
- Obtención de información de fontes diversas (iconográficas, arqueolóxicas, escritas, proporcionadas polas tecnoloxías da información, etc.) e elaboración escrita da información obtida.
- Localización no tempo e no espazo dos períodos, culturas e civilizacións e acontecementos históricos. Representación gráfica de secuencias temporais.
- Identificación de causas e consecuencias dos feitos históricos e dos procesos de evolución e cambio relacionándoos cos factores que os orixinaron.
- Coñecemento dos elementos básicos que caracterizan as manifestacións artísticas máis relevantes, contextualizándoas na súa época. Valoración da herdanza cultural e do patrimonio artístico, particularmente o propio, como riqueza que hai que preservar e colaborar na súa conservación.
- Realización de debates sobre temas de actualidade que poidan ter referentes na antigüidade ou nos contidos xeográficos.
- Elaboración de traballos de campo sobre a realidade xeográfica máis próxima e/ou o patrimonio arqueolóxico do contorno.
- ❖ **Bloque 1. Xeografía, o medio físico**
- – A representación da Terra. Aplicación de técnicas de orientación e localización xeográfica.
- – Localización no mapa e caracterización de continentes, océanos, mares, unidades do relevo e ríos no mundo, en Europa, en España e en Galicia.

- – Caracterización dos principais medios naturais, identificando os compoñentes básicos do relevo, os climas, as augas e a vexetación; comprensión das interaccións que manteñen.
- Observación e interpretación de imaxes representativas destes. Valoración da diversidade como riqueza que hai que conservar.
- – Os grupos humanos e a utilización do medio: análise das súas interaccións. As paisaxes naturais e humanizadas. Principais unidades paisaxísticas en Galicia e España. A organización do territorio en Galicia: a dispersión da poboación en pequenos asentamentos (aldeas), as parroquias, as vilas e as áreas urbanas.
- -Riscos. Estudo dalgún problema ambiental como a acción humana sobre a vexetación, o problema da auga ou o cambio climático. Toma de conciencia das posibilidades que o medio ofrece e disposición favorable para contribuír ao mantemento da biodiversidade e a un desenvolvemento sustentable.

❖ **Bloque 3. A historia**

- – Cazadores e recolectores, os primitivos actuais. Cambios producidos pola revolución neolítica. Aspectos significativos da prehistoria no territorio peninsular.
- – As primeiras civilizacións urbanas. Orixe do poder político e patriarcado.
- – As primeiras formas de poboamento e distribución da poboación en Galicia. A cultura castrexa.
- – O mundo clásico: Grecia e Roma. As sociedades escravistas. A democracia ateniense. As formas de organización económica, social, administrativa e política romanas. O proceso de romanización e as súas consecuencias en Hispania. A cidade e a forma de vida urbana.
- Achegas da cultura e da arte clásicas. Pervivencias do mundo cultural romano na Gallaecia.
- – Orixe e expansión do cristianismo. Fin do imperio romano e fraccionamento da unidade mediterránea. O reino suevo como exemplo de adaptación de comunidades endóxenas e exóxenas

2.3-TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS COS SEUS STÁNDARES

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO		
IES CAMPO DE SAN ALBERTO		
Contidos	TEMPORALIZACIÓN	Estándares de aprendizaxe
Bloque 1. O medio físico		
<ul style="list-style-type: none"> • B1.1. A Terra: a Terra no Sistema Solar. 		<ul style="list-style-type: none"> • XHB1.1.1. Interpreta como inflúen os movementos astronómicos na distribución da radiación solar e nas zonas bioclimáticas do planeta.
		<ul style="list-style-type: none"> • XHB1.1.2. Analiza un mapa de fusos horarios e diferencia zonas do planeta de similares horas.

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO		
Contidos	TEMPORALIZACIÓN	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B1.2. Representación da Terra. Escala e linguaxe cartográfica. 	SETEMBRO/ OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.2.1. Clasifica e distingue proxeccións, e compara unha proxección de Mercator con unha de Peters.
<ul style="list-style-type: none"> B1.3. Proxeccións e sistemas de coordenadas. Imaxes de satélite e os seus principais usos. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.3.1. Clasifica e distingue tipos de imaxes de satélite e mapas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.4. Localización. Latitude e lonxitude. 	OUTUBRO	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.4.1. Localiza un punto xeográfico nun planisferio e distingue os hemisferios da Terra e as súas principais características.
<ul style="list-style-type: none"> B1.5. Trazos principais do relevo do mundo. Clima: elementos e factores. Diversidade climática no planeta. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.4.2. Localiza espazos xeográficos e lugares nun mapa, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
<ul style="list-style-type: none"> B1.6. Medio físico do mundo e de Europa: relevo e hidrografía. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.5.1. Sitúa nun mapa físico as principais unidades do relevo europeo e mundial.
<ul style="list-style-type: none"> B1.7. Medio natural europeo: principais trazos. 	NOVEMBRO/ DECEMBRO	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.6.1. Localiza nun mapa físico mundial os elementos e as referencias físicas principais: mares e océanos, continentes, illas e arquipélagos máis importantes, ríos e cadeas montañosas principais.
<ul style="list-style-type: none"> B1.8. Unidades do relevo do espazo xeográfico europeo. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.6.2. Elabora climogramas e mapas que sitúen os climas do mundo e reflectan os elementos máis importantes.
<ul style="list-style-type: none"> B1.9. Conxuntos bioclimáticos do espazo xeográfico europeo. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.7.1. Explica as características xerais do relevo europeo.
<ul style="list-style-type: none"> B1.10. Diversidade de espazos naturais europeos. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.8.1. Localiza no mapa as unidades e os elementos principais do relevo europeo.
	XANEIRO/ FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> XHB1.9.1. Clasifica e localiza nun mapa os tipos de clima de Europa.
		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.9.2. Distingue e localiza nun mapa as zonas bioclimáticas do noso continente.
		<ul style="list-style-type: none"> XHB1.10.1. Localiza nun mapa e en imaxes de satélite de Europa os principais espazos naturais.

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO		
Contidos	TEMPORALIZACIÓN	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> B1.11. Medio natural: áreas e problemas ambientais. 		<ul style="list-style-type: none"> B1.11.1. Realiza procuras en medios impresos e dixitais referidas a problemas ambientais actuais, e localiza páxinas e recursos da web directamente relacionados con eles.
Bloque 3. A Historia		
<ul style="list-style-type: none"> B3.1. Relación entre o pasado, o presente e o futuro a través da historia. 	FEBREIRO	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.1.1. Identifica elementos materiais, culturais ou ideolóxicos que son herdanza do pasado.
<ul style="list-style-type: none"> B3.2. Fontes históricas. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.2.1. Nomea e identifica catro clases de fontes históricas.
		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.2.2. Comprende que a historia non se pode escribir sen fontes, sexan estas restos materiais ou textuais.
		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.2.3. Compara dous relatos a distintas escalas temporais sobre as conquistas de Alexandre.
<ul style="list-style-type: none"> B3.3. Cambio e continuidade. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.3.1. Ordena temporalmente algúns feitos históricos e outros feitos salientables, utilizando para iso as nocións básicas de sucesión, duración e simultaneidade.
<ul style="list-style-type: none"> B3.4. Tempo histórico. 	MARZO	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.4.1. Entende que varias culturas convivían á vez en diferentes enclaves xeográficos.
<ul style="list-style-type: none"> B3.5. Vocabulario histórico e artístico. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.5.1. Utiliza o vocabulario histórico e artístico imprescindible para cada época.
<ul style="list-style-type: none"> B3.6. Evolución das especies e a hominización. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.6.1. Recoñece os cambios evolutivos ata chegar á especie humana.
<ul style="list-style-type: none"> B3.7. Periodización da Prehistoria e a Idade Antiga. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.7.1. Distingue etapas dentro da historia antiga.
<ul style="list-style-type: none"> B3.8. Prehistoria e Idade Antiga: visión global. 	MARZO	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.8.1. Realiza diversos tipos de eixes cronolóxicos e mapas históricos.
<ul style="list-style-type: none"> B3.9.1. Paleolítico: etapas; características das formas de vida; cazadores colectores. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.9.1. Explica a diferenza entre os dous períodos en que se divide a prehistoria e describe as características básicas da vida en cada un.

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO		
Contidos	TEMPORALIZACIÓN	Estándares de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.9.2. Neolítico: revolución agraria e expansión das sociedades humanas; sedentarismo; artesanía e comercio; organización social. ▪ B3.9.3. Prehistoria galega: megalitos e petróglifos. 	ABRIL	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.9.2. Analiza a transcendencia da revolución neolítica e o papel da muller nela.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.10. Aparición dos ritos: restos materiais e artísticos; pintura e escultura. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.10.1. Recoñece as funcións dos primeiros ritos relixiosos como os da "deusa nai".
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.11. Idade Antiga: primeiras civilizacións urbanas. Mesopotamia e Exipto. Sociedade, economía e política. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.11.1. Describe formas de organización socio-económica e política, novas ata entón, como os imperios de Mesopotamia e de Exipto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.12. Idade Antiga: invención da escritura. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.12.1. Diferencia entre as fontes prehistóricas (restos materiais e ágrafos) e as fontes históricas (textos).
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.13. Idade Antiga: historia de Exipto. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.1. Interpreta un mapa cronolóxico-xeográfico da expansión exipcia.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.13.2. Describe as principais características das etapas históricas en que se divide Exipto.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.14. Idade Antiga: relixión exipcia. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.1. Explica como materializaban os exipcios a súa crenza na vida do alén.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.15. Idade Antiga: arte en Mesopotamia e Exipto. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.14.2. Realiza un mapa conceptual cos principais deuses do panteón exipcio.
		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.15.1. Localiza nun mapa os principais exemplos da arquitectura exipcia e da mesopotámica.
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.16. Mundo clásico. Grecia: as "polis" gregas e a súa expansión. 		<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.1. Identifica trazos da organización socio-política e económica das polis gregas a partir de fontes históricas de diferentestipos
	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.16.2. Describe algunhas das diferenzas entre a democracia grega e as democracias actuais. 	
<ul style="list-style-type: none"> ▪ B3.17. Mundo clásico. Grecia: expansión 	<ul style="list-style-type: none"> ▪ XHB3.17.1. Localiza nun mapa histórico as colonias gregas do 	

XEOGRAFÍA E HISTORIA. 1º CICLO DE ESO. 1º CURSO IES CAMPO DE SAN ALBERTO		
Contidos	TEMPORALIZACIÓN	Estándares de aprendizaxe
comercial e política das polis gregas.	MAIO	Mediterráneo.
<ul style="list-style-type: none"> B3.18. Mundo clásico. Imperio de Alexandre Magno e os seus sucesores: helenismo. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.18.1. Elabora un mapa do imperio de Alexandre.
		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.8.2. Contrasta as accións políticas da Atenas de Pericles co imperio de Alexandre Magno.
<ul style="list-style-type: none"> B3.19. Mundo clásico. Grecia e o helenismo: arte, ciencia, teatro e filosofía. 		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.19.1. Explica as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
		<ul style="list-style-type: none"> XHB3.19.2. Dá exemplos representativos das áreas do saber grego, e discute por que se considera que a cultura europea parte da Grecia clásica.
<ul style="list-style-type: none"> B3.20. Mundo clásico: orixe e etapas da historia de Roma. República e imperio: organización política e expansión colonial polo Mediterráneo. Cristianismo. 		XUÑO
	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.20.2. Identifica diferenzas e semellanzas entre as formas de vida republicanas e as do imperio na Roma antiga. 	
<ul style="list-style-type: none"> B3.21. Mundo clásico. Arte romana: arquitectura, escultura e pintura. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.21.1. Compara obras arquitectónicas e escultóricas de época grega e romana. 	
	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.22.1. Fai un mapa da Península Ibérica onde se reflicten os cambios administrativos en época romana. 	
<ul style="list-style-type: none"> B3.22. Península Ibérica: pobos prerromanos; Hispania romana; Gallaecia. Proceso de romanización. A cidade e o campo. 	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.22.2. Analiza exemplos do legado romano que sobreviven na actualidade. 	
	<ul style="list-style-type: none"> XHB3.22.3. Entende o que significou a romanización en distintos ámbitos sociais e xeográficos. 	

Temporalización prevista e secuenciación 1º CURSO ESO por AVALIACIÓNS:

Primeira avaliación.

- A Terra e a súa representación (6 sesións)
- relevo terrestre (9 sesións).
- As augas (6 sesións).
- clima (9 sesións).

Segunda avaliación.

- As paisaxes da Terra (8 sesións).
- Atlas dos continentes (8 sesións).
- A introdución ao coñecemento histórico (3 sesións)
- A Prehistoria (8 sesións).

Terceira avaliación.

- As primeiras civilizacións: Mesopotamia e Exipto (8 sesións)
- A civilización grega (8 sesións).
- A civilización romana (8 sesións).
- A Península Ibérica na Antigüidade (5 sesións).

2.4-GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA SUPERAR A MATERIA

Con base no currículo da materia **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**, os obxectivos, os contidos e os estándares, establecidos pola Administración educativa, propónse unha selección e agrupación **de mínimos esixibles, en relación cos estándares de aprendizaxe** para unha avaliación positiva na materia:

MÍNIMOS ESIXIBLES PARA SUPERAR A MATERIA.

INTRODUCCIÓN Á XEOGRAFÍA.

- Traballar con imaxes e mapas xeográficos.
- Localizar nun mapa físico mundial os elementos e referencias físicas principais.

A TERRA E A SÚA REPRESENTACIÓN.

- Localizar a Terra no Universo.
- Identificar e clasificar os planetas do Sistema Solar.
- Recoñecer as principais características da Terra.
- Coñecer os efectos do movemento de rotación da Terra.
- Analizar e interpretar un mapa de fusos horarios.
- Coñecer as consecuencias do movemento de translación da Terra.
- Coñecer e valorar a utilidade das coordenadas xeográficas.
- Localizar territorios segundo a súa latitude e a súa lonxitude.

- Comparar os distintos sistemas de proxección cartográfica.
- Saber interpretar a escala gráfica dos mapas.
- Saber interpretar os signos convencionais dos mapas.
- Adquirir soltura na consulta e manexo do atlas.
- Calcular a distancia entre distintos puntos da Terra.
- Realizar procuras en medios impresos e dixitais de información relacionada coneste tema.

O RELEVO TERRESTRE.

- Coñecer a estrutura da Terra e a deriva continental.
- Recoñecer os principais axentes de formación do relevo.
- Coñecer a localización e as características dos continentes.
- Identificar e localizar no mapa as formas de relevo continental.
- Valorar o impacto da acción humana sobre a paisaxe.
- Identificar e localizar no mapa as principais unidades do relevo europeo e mundial.
- Realizar procuras en medios impresos e dixitais de información relacionada coneste tema.

AS AUGAS.

- Saber como se distribúe a auga na natureza.
- Reflexionar sobre o desigual consumo de auga no mundo.
- Identificar e localizar océanos, mares, ríos e lagos da Terra.
- Identificar os recursos que se obteñen de mares e océanos.
- Valorar o impacto da sobreexplotación de recursos sobre o medio.
- Coñecer e localizar os principais ríos e mares de Europa e da Península Ibérica.
- Realizar procuras en medios impresos e dixitais de información relacionada coneste tema.

O CLIMA.

- Coñecer a estrutura e a función da atmosfera.
- Valorar as repercusións do efecto invernadoiro.
- Identificar os factores que modifican a temperatura.
- Saber como se forman as nubes e as precipitacións.
- Coñecer os factores que determinan a presión atmosférica.
- Interpretar un mapa do tempo.
- Coñecer as principais características e localización das zonas climáticas da Terra.
- Realizar procuras en medios impresos e dixitais de información relacionada coneste tema.

AS PAISAXES DA TERRA.

- Identificar as características da paisaxe ecuatorial.

- Coñecer os principais elementos da paisaxe tropical.
- Recoñecer a singularidade das paisaxes desérticas.
- Identificar as características da paisaxe oceánica.
- Coñecer os principais elementos da paisaxe mediterránea.
- Identificar as características das paisaxes continentais.
- Coñecer as características das paisaxes das zonas frías.
- Comprender a relación dos grupos humanos co medio.
- Realizar procuras en medios impresos e dixitais de información relacionada con este tema.

ATLAS DOS CONTINENTES.

- Coñecer as características físicas máis importantes de África, Asia, América, Oceanía e a Antártida (unidades do relevo, augas e paisaxes) e localizalas no mapa.
- Coñecer as características físicas de Europa (unidades do relevo, augas e paisaxes) e localizalas no mapa.
- Realizar procuras en medios impresos e dixitais de información relacionada con este tema.

INTRODUCCIÓN Á HISTORIA.

- Nomear e identificar distintos tipos de fontes históricas.
- Ordenar cronoloxicamente as distintas etapas en que se divide o estudo da Hª e situar un feito histórico relevante en cada unha delas.

A PREHISTORIA.

- Situar cronoloxicamente a Prehistoria.
- Coñecer as principais características da vida no Paleolítico.
- Coñecer as principais características das sociedades neolíticas.
- Identificar os cambios da Idade dos Metais.
- Coñecer as principais manifestacións artísticas do período prehistórico : pinturas rupestres e megalitismo.
- Nomear e localizar algún depósito prehistórico peninsular.

AS CIVILIZACIÓNS FLUVIAIS. MESOPOTAMIA E EXIPTO

- Localizar xeograficamente as primeiras civilizacións urbanas.
- Coñecer as orixes da escritura e situala no tempo.
- Recoñecer as características da arte mesopotámica.
- Valorar o papel do Nilo no desenvolvemento da civilización exipcia.
- Comprender a organización social do Exipto dos faraóns.
- Saber como era a vida cotiá do Antigo Exipto.
- Entender as crenzas relixiosas da sociedade do Antigo Exipto.
- Coñecer os trazos distintivos da arte funeraria exipcia.

A CIVILIZACIÓN GREGA.

- Coñecer as orixes das polis gregas.
- Explicar as causas da expansión grega no Mediterráneo.
- Coñecer as funcións das institucións democráticas.
- Entender a democracia ateniense no seu contexto.
- Analizar a evolución de Atenas ao longo do século V a.C.
- Coñecer as características da Grecia helenística.
- Explicar como era a vida cotiá na antiga Grecia
- Coñecer as características esenciais da arte grega e a súa evolución no tempo.
- Identificar un par de obras representativas dos períodos arcaico, clásico e helenístico.
- Coñecer exemplos representativos das áreas do saber grego.

A CIVILIZACIÓN ROMANA

- Coñecer as orixes históricas de Roma.
- Entender a organización sociopolítica da Roma republicana.
- Identificar as causas da expansión territorial de Roma.
- Comprender a organización política do Imperio romano.
- Coñecer as orixes do Cristianismo.
- Identificar as desigualdades sociais dos habitantes do Imperio.
- Coñecer as actividades económicas do Imperio.
- Analizar as causas da crise do Imperio romano.
- Explicar as características da relixión romana.
- Identificar os elementos principais do proceso de romanización.
- Establecer comparacións entre as manifestacións artísticas de Grecia e de Roma na Antigüidade.

O TERRITORIO DE ESPAÑA E GALICIA NA ANTIGÜIDADE.

- Identificar os pobos invasores e colonizadores da Península
- Coñecer a organización socioeconómica de iberos e celtas.
- Coñecer as distintas fases da conquista romana de Hispania.
- Recoñecer algúns aspectos da organización política e económica de Hispania.
- Coñecer e valorar o legado romano na Península Ibérica.
- Coñecer as orixes da cultura castrexa e identificar as súas características principais..
- Coñecer e valorar a herdanza romana en Galicia.

2.5-PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

·O alumnado na materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**, durante o curso **2018-19**, será avaliado mediante **procedementos de avaliación continua e instrumentos de avaliación** que constaten e verifiquen os **mínimos esixibles a dominar con suficiencia** polos **discentes**.

Os instrumentos da avaliación serán os seguintes:

-**Probas escritas / orais.** Baseadas nos criterios do currículo e nos mínimos esenciais da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**.

-**Verificación de Actitude positiva en relación á materia:** atención, autodisciplina, interese, tempo de reacción aos avisos, traballo activo e participación/intervención nas sesións de clase.

-**Comprobación da disposición do material:** textos básicos e libreta de clase que deberán estar ao día.

-**Realización, exposición e entrega de tarefas na data fixada:** esquemas, resúmenes e/ou síntese dos temas, traballos expositivos –grupo, individual-, ... Valórase interese pola materia/tema desenvolvido, emprego de vocabulario técnico da materia e a reflexión e valoración/opinión dos feitos históricos.

III-CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS da materia de XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO

A Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato; no seu anexo II sinala que:

“Os métodos didácticos débense elixir en función do que se sabe que é óptimo para alcanzar as metas propostas e en función dos condicionantes en que ten lugar o ensino.

A natureza da materia, as condicións socioculturais, a dispoñibilidade de recursos e as características dos alumnos e alumnas condicionan o proceso de ensino-aprendizaxe, polo que será necesario que o método seguido se axuste a estes condicionantes co fin de propiciar unha aprendizaxe competencial no alumnado”.

Polo tanto, o tratamento metodolóxico da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** débese axustar ao nivel competencial inicial do alumnado, respectando ritmos e estilos de aprendizaxe e a atención á diversidade.

A materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** permite desenvolver **metodoloxías e estratexias activas**, nas que o **traballo individual** e **cooperativo** estean permanentemente presentes, con elaboración de diferentes tipos de **materiais**, e integrando de xeito especial as **TIC**.

Ademais, a materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** ten un alto **contido práctico**. A base é a **explicación inicial** do profesor, a **análise** dos feitos históricos e xeográficos concretos –allos e do entorno-, no que se require unha alta **participación** do **alumnado no posterior debate e intervencións ou resolución de actividades dos alumnos**.

A **Metodoloxía** é de carácter **integral**, dando prioridade a unha **metodoloxía** que abranca todos os **aspectos** que caracterizan cada **momento ou situación a tratar na materia de XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**, contextualizando os feitos, sen esquecer as efemérides máis importantes como **referentes excepcionais** do noso pasado.

3.1-ESTRATEGIAS METODOLÓXICAS.

En relación cos **Metodoloxía aplicable**, seguindo a normativa autonómica, temos o art. 11 do **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, onde se enumeran os **principios metodolóxicos** aplicables á **Educación Secundaria Obrigatoria**:

Con relación a materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**, destacamos:

“Artigo 11. Principios metodolóxicos

1. Os centros docentes elaborarán as súas propostas pedagóxicas para esta etapa desde a consideración da **atención á diversidade** e do **acceso de todo o alumnado á educación común**. Así mesmo, **arbitrarán métodos** que teñan en conta os diferentes **ritmos de aprendizaxe**, favorezan a **capacidade de aprender por si mesmos** e **promovan a aprendizaxe en equipo**.

....

2. A **metodoloxía didáctica** neste etapa será nomeadamente **activa e participativa**, favorecendo o **traballo individual e o cooperativo** do alumnado, así como o **logro dos obxectivos** e das **competencias** correspondentes.

3. Procurarase o **traballo en equipo do profesorado** co obxecto de proporcionar un enfoque **multidisciplinar** do proceso educativo, garantindo a **coordinación** de todos os membros do **equipo docente** de cada grupo.

4. No **proxecto educativo** e nas **programacións didácticas** fixaranse as **estratexias** que desenvolverá o **profesorado** para **alcanzaros estándares de aprendizaxe** avaliados previstos en cada materia e, de ser o caso, en cada ámbito, así como a **adquisición das competencias**.

5. A **intervención educativa** debe ter en conta como principio a **diversidade do alumnado**, entendendo que deste xeito se garante o desenvolvemento de todos/as os/as alumnos/as e mais unha **atención personalizada** en función das **necesidades** de cadaquén. Os **mecanismos de reforzo**, que se deberán pór en práctica tan pronto como se **detecten dificultades de aprendizaxe**, poderán ser tanto **organizativos** como **curriculares**.

6. Prestarase unha **atención especial á adquisición e ao desenvolvemento das competencias**, e fomentarse a **correcta expresión oral e escrita**, e o **uso das matemáticas**. De acordo co disposto no artigo 24.6 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, a **comprensión lectora**, a **expresión oral e escrita**, a **comunicación audiovisual**, as **tecnoloxías da información e a comunicación**, o **emprendemento** e a **educación cívica e constitucional** traballarase en todas as materias.

7. Coa finalidade de promover a **comprensión de lectura** e de uso da **información**, dedicarse un tempo á **lectura na práctica docente** de todas as materias.

8. Promoverase a **integración** e o **uso das tecnoloxías da información e da**

comunicación na aula, como recurso metodolóxico eficaz para desenvolver as tarefas de ensino e aprendizaxe.

9. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe de máis dunha competencia ao mesmo tempo. Para isto, aproveitaranse as posibilidades que ofrecen as metodoloxías de proxectos, entre outras, así como os recursos e as actividades da biblioteca escolar.

....”

Coa intencionalidade da **aplicación de estratexias interactivas**, resulta preferible centrar o estudo nas **características esenciais** dos contidos e conceptos a tratar, así como na súa evolución, **a través da análise, comentario e estudo** dun número limitado **de contidos e feitos económicos significativos e salientables**

Para iso, seguimos o seguinte **guión** da **ACTIVIDADE FORMATIVA** durante o curso:

- -Parte do **tempo principal** nas sesións de clase dedicarase a **exposición compartida e centrada** no marco xeral correspondente a cada temática concreta ou acontecemento económico e ao **comentario** de feitos significativos presentados ao alumnado en **soporte informático**. Posteriormente, en **grupo**, **análise**, **comparación** e **debate crítico participativo** e **motivador** sobre a **complexidade** dos **feitos económicos** e a súa **análise**.
- -Elaboración de **traballos** de **recompilación** e **comentario de temas de xeografía e historia significativos** que se expoñan na clase seguindo as pautas temporais e expositivas do temario. Uso de distintas fontes: periódicos, revistas especializadas, documentais TV, páxinas web especializadas
- -**Planificación** da **percepción xeográfica e histórica in situ**, mediante **visitas** a empresas relevantes, restos arqueolóxicos da antigüidade, exposicións, conferencias, ...
- -**Traballo continuado**, revisando materiais de clase e de actividades semanais de aplicación práctica dos alumnos. Se aconsellará o uso de páxinas web de contidos da materia, útiles para obter material e servir de fonte de consulta.

Entre as **estratexias aplicables** destacamos:

- 1 Estratexia expositiva participativa:** Na **exposición inicial** dos contidos da materia, foméntase a **participación activa** do alumnado, fuxindo da **recepción pasiva**. Promóvese o **diálogo interactivo** entre o alumnado e profesor.
- 2 Estratexia referencial:** Procúrase a relación coa **realidade próxima** por medio dos Mas Media, recollendo novas de exposicións, actos e acontecementos relacionados co mundo da economía en xeral. O feito de

estar en Noia, concello próximo a Santiago de Compostela dota de posibilidades: exposicións, conferencias, etc..

- 3 **Estratexia de indagación:** O obxectivo é facilitar a **asimilación** de **contidos**, hábitos, técnicas e métodos de traballo e estudo: traballos cortos de síntese, comentarios de feitos económicos, históricos ou xeográficos concretos.
- 4 **Estratexia de intercambio e debate:** O fomento de **debates** e as **saídas** pola contorna buscan a **asimilación crítica** polo alumnado de valores e actitudes para a **consecución de criterios e personalidade propios**.

3.2-CRITERIOS METODOLÓXICOS.

En relación co exposto anteriormente, entre os **criterios** para elaborar e aplicar as **estratexias metodolóxicas** da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA da ESO**, nesta proposta didáctica, destaca os seguintes:

- a) **Adaptación** ás características e **intereses** do alumnado da ESO, de acordo coas capacidades intelectuais individuais e colectivas propias da etapa.
- b) **Autonomía persoal:** incentivar a capacidade para aprender por si mesmo.
- c) **Actividade:** fomentar a participación na dinámica xeral da aula, con estratexias individuais e en grupo que fomenten a socialización.
- d) **Motivación e sensibilidade:** despertar o interese pola aprendizaxe.
- e) **Integración e interdisciplinidade:** exposición dos contidos cunha estrutura clara, establecendo interrelacións entre a Economía e a Historia do Mundo Contemporáneo ou doutras disciplinas: arte, linguas, cultura, ...
- f) **Funcionalidade:** fomentar a proxección práctica dos contidos e a súa aplicación ao contorno, co fin de asegurar a funcionalidade das aprendizaxes en dous sentidos: o desenvolvemento de capacidades para posteriores adquisicións e a súa aplicación na vida cotiá.
- g) **Variedade na metodoloxía.** Apréndese mellor con fórmulas diversas.

IV-MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Constátase que hoxe en día é posible o coñecemento da **XEOGRAFÍA e HISTORIA da ESO** a partir dos **recursos** que se atopan na **rede**. Estes **constituirán a base** dos **materiais didácticos**, xunto coa **proxección** de **contidos** en formatos apropiados (*power point*) ou dos **documentos** que analicen e expliquen os feitos **históricos, xeográficos, sociais, culturais** ou **económicos** recollidos no **currículo**.

En relación cos **recursos** e **materiais**, **destacamos:**

- **Disporase durante o curso de tecnoloxía de proxección moderna.**
- **Texto: complementariamente ao libro de texto, ou de xeito alternativo, os textos que desenvolven os contidos serán subministrados en arquivos informáticos polo departamento, elaborados e seleccionados a través de páxinas webs especializadas ou bibliografía específica.**
- **Disporase de:**

- **Apuntes complementarios: aspectos históricos, xeográficos, ...**
- **Vocabulario desenvolvido de conceptos xeográficos, históricos, económicos, ...**
- **Biblioteca do centro: acceso a enciclopedias, CDs para a elaboración de traballos individuais ou en grupo.**
- **Acceso ás páxinas de Internet con contidos sobre a materia.**

4.1-MATERIAIS CONCRETOS DO CURSO:

Os **materiais didácticos** comprenden desde o **libro de texto** ao máis novedoso das **tecnoloxías**: pizarra dixital, internet etc.

Farase uso de recursos tales como vídeos, películas, reportaxes, documentais de publicacións en papel ou dixitalizadas, tratando de ofrecer gran diversidade de materiais aos alumnos.

- Os **materiais imprescindibles** do curso son:

- **Como libro de texto recoméndase :**

Ciencias Sociais ,Xeografía e Historia. 1º de Educación Secundaria. Editorial ANAYA

- **Páxina Web: cienciassociais1eso.weebly.com.** Elaborada para traballar co alumnado de 1º da ESO do IES Campo de San Alberto de Noia.

- **Arquivos informáticos** do temario e actividades da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**. Subministrado polo departamento / profesor.

- **Librete de traballo tamaño folio.**

- **Outros materiais:**

Uso de **elementos e materiais informáticos** -coa aula específica- ou **bibliográficos** para o desenvolvemento de **traballos e tarefas** periódicas.

V-CRITERIOS SOBRE AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO:

No apartado 2 da programación establecéronse de xeito coordinado co currículo da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** os criterios de avaliación; neste apartado os presentamos separados por bloques:

5.1-CRITERIOS DE AVALIACIÓN POR BLOQUES DE CONTIDOS:

Criterios de avaliación

Bloque 1. O medio físico

- **B1.1. Coñecer o Sistema Solar e establecer as relacións entre os movementos da terra e a existencia das estacións e do día e da noite, e comprender a súa importancia na distribución dos climas e da Biota.**

- B1.2. Identificar e distinguir os sistemas de representación cartográfica, en soporte analóxico e dixital, e as súas escalas
- B1.3. Analizar e identificar o mapa, e coñecer as imaxes de satélite e os seus usos principais.
- B1.4. Localizar espazos xeográficos e lugares nun mapa ou imaxe de satélite, utilizando datos de coordenadas xeográficas.
- B1.5. Localizar no mapamundi físico as principais unidades do relevo mundiais, os grandes ríos e as grandes zonas climáticas, e identificar as súas características.
- B1.6. Ter unha visión global do medio físico europeo e mundial, e das súas características xerais.
- B1.7. Ser capaz de describir as peculiaridades do medio físico europeo.
- B1.8. Situar no mapa de Europa as unidades e os elementos principais do relevo continental.
- B1.9. Coñecer, comparar e describir os grandes conxuntos bioclimáticos que conforman o espazo xeográfico europeo.
- B1.10. Coñecer os principais espazos naturais do noso continente.
- B1.11. Coñecer, describir e valorar a acción do ser humano sobre o ambiente e as súas consecuencias.

Bloque 3. A Historia

- B3.1. Recoñecer que o pasado non está "morto e enterrado", senón que determina o presente e os posibles futuros e espazos, ou inflúe neles.
- B3.2. Identificar, nomear e clasificar fontes históricas, e explicar diferenzas entre interpretacións de fontes diversas.
- B3.3. Explicar as características de cada tempo histórico e certos acontecementos que determinaron cambios fundamentais no rumbo da historia, diferenciando períodos que facilitan o seu estudo e a súa interpretación.
- B3.4. Entender que os acontecementos e os procesos ocorren ao longo do tempo e á vez no tempo (diacronía e sincronía).
- B3.5. Utilizar o vocabulario histórico e artístico con precisión, inseríndoo no contexto adecuado.
- B3.6. Entender o proceso de hominización.
- B3.7. Datar a Prehistoria e a Idade Antiga, e distinguir a escala temporal de etapas como estas.
- B3.8. Identificar e localizar no tempo e no espazo os procesos e os acontecementos históricos máis salientables da Prehistoria e da Idade Antiga, para adquirir unha perspectiva global da súa evolución.
- B3.9. Coñecer as características da vida humana correspondentes aos dous períodos en que se divide a Prehistoria: Paleolítico e Neolítico.
- B3.10. Identificar os primeiros ritos relixiosos.
- B3.11. Coñecer algunhas características da vida humana neste período, así como o establecemento e a difusión de diferentes culturas urbanas, despois do neolítico.
- B3.12. Recoñecer a importancia da descuberta da escritura.
- B3.13. Explicar as etapas en que se divide a historia de Exipto.

- B3.14. Identificar as principais características da relixión exipcia.
- B3.15. Localizar e describir algúns exemplos arquitectónicos de Exipto e de Mesopotamia.
- B3.16. Coñecer os trazos principais das polis gregas e a transcendencia do concepto de democracia.
- B3.17. Entender a transcendencia do concepto de colonización.
- B3.18. Distinguir entre o sistema político grego e o helenístico.
- B3.19. Entender o alcance do clásico na arte e na cultura occidentais.
- B3.20. Caracterizar os trazos principais da sociedade, a economía e a cultura romanas, e recoñecer os conceptos de cambio e continuidade na historia da Roma antiga.
- B3.21. Identificar e describir os trazos característicos de obras da arte grega e romana, diferenciando entre os que son específicos.
- B3.22. Establecer conexións entre o pasado da Hispania romana e o presente

· En xeral, ao longo do curso **realizaranse varias probas escritas—ou orais—sobre os contidos e traballos expositivos individuais e/ou de grupo** en cada avaliación que o alumno deberá superar cunha **nota cualificativa de 5 ou superior**.

Terase en conta para a nota final a evolución ao longo do curso e a mellora paulatina nas capacidades e coñecementos que abrangue a materia.

5.2-CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN DA MATERIA

Para a determinación da cualificación da materia en cada avaliación, se terán en consideración os seguintes criterios:

- ✓ -Os resultados das diferentes probas que se realicen sobre os temas e contidos de cada avaliación. A valoración será de 1 a 10. Haberá probas de recuperación.
- ✓ -A realización de tarefas no caderno de traballo do alumno. A valoración será de 1 a 10.
- ✓ -O traballo individual ou de equipo que se faga e a súa exposición na aula. A valoración será de 1 a 10.
- ✓ -A **conduta académica** do alumno durante as sesións: interese na aula, atención, intervencións, etc. Permite a **mellorada nota** na avaliación **sendo determinado aprobado ou suspenso**, excepto na seguinte situación: no caso de utilización de medios non autorizados no momento da realización das probas (“costeletas”, conversas, uso do móbil, etc). Tal uso determina a inmediata suspensión da proba no alumno/a ou alumnos/as e a obriga de recuperación. A sanción que se lle imporá, consistirá en que non poderá acadar á máxima cualificación nesa proba (10) – non terá cualificación maior a 7- alterándose os criterios para acadar o aprobado –suporá mais esforzo-. **A reincidencia supón a cualificación negativa de suspenso (máximo cualificación de 3/10) na**

avaliación.

Para unha valoración correcta, atendendo aos criterios establecidos, é preciso que durante as probas escritas todo o **material de estudio e os móbiles** deban estar nas maletas -ou mochilas-, fora do ámbito das mesas.

A **recuperación** dos controis suspensos ou para subir nota, **non se realizarán nas sesións da materia**. Se buscará hora e datas que non prexudique o normal funcionamento das sesións.

Ponderación na nota de avaliación:

1. Os controis conxuntamente suporán 8/10 da nota da avaliación. É dicir, o 80 % da nota final, se establecerá polos resultados dos controis. Esíxese unha nota mínima de tres e medio(3'5) para facer media. As faltas de expresión e ortográficas serán tidas en conta: cada 10 faltas de ortografía que o profesor considere como graves supoñen a perda de 1 punto na cualificación. Só poderase baixar tres puntos sobre a nota final.
2. O/os traballo/s trimestrais pondera 1/10 da nota. O 10 %. Valórase tanto o traballo escrito entregado como a exposición oral que se faga na clase.
3. O Traballo no caderno da materia suporá tamén un 1/10 da nota. O 10%. Valórase a participación nas actividades propostas, tanto na aula como no centro. Esa participación debe ser colaborativa e respectuosa cos compañeiros. Da observación diaria en clase determínase a participación activa na clase por parte do alumno/a (*respostas correctas ás preguntas e ás actividades da asignatura que lle propoña o profesor/a; o esforzo, a responsabilidade ante as obrigacións, o coidado dos materiais*). **Todas estas variables terán unha valoración positiva que se traducirá na cualificación de cada avaliación e na final.**

Avaliación final:

1. A nota media das tres avaliacións.
2. Actitude ante a materia, traballo, interese, esforzo, ... pode incidir ata un 5% á alza, en positivo, na cualificación final do curso, nunca en negativo.

Cálculo da cualificación de cada unha das avaliacións (ponderación, redondeo...)

Nas notas da avaliación, que só admiten números enteiros, aplicarase o seguinte criterio:

1. -Si o alumno/a obtivo como promedio unha cifra enteira, se transcribirá esta sen alteracións nas actas.
2. -Si o alumno/a obtivo como promedio unha nota con décimas, na súa transcripción nas actas de avaliación:
 - a. -Redondearase ao enteiro superior no caso de que tales décimas teñan un valor igual ou maior de seis(exemplo: 7'6 se transcribirían nas actas como un 8).

- b. -Redondearase ao enteiro inferior no caso de que estas teñan un valor inferior a seis(exemplo: 6´4 ou 7´3 se transcribirían como un 6 ou un 7).
3. -Para aprobar a materia é necesario ter unha nota superior ou igual a 5.

5.3-TEMPORALIZACIÓN DE PROBAS E TAREFAS

- **Temporalización:**

A temporalización pode sufrir variacións por imprevistos ou causas sobrevidas – excursión, saídas, ...- ao marxe do normal desenvolvemento do curso.

1º TRIMESTRE

A **avaliación continua** do 1º Trimestre constará das seguintes probas:

1º Control : posibles datas entre a 1ª quincena de outubro.

2º Control: posibles datas entre a 2ª quincena de outubro.

3º Control: posibles datas entre a 1ª quincena de novembro.

4º Control: posibles datas entre a 2ª quincena de novembro.

5º Control: posibles datas entre o 13 e o 18 de decembro.

6º Control traballos: entrega de traballos durante a exposicións que serán determinadas unha vez que se vaia explicando a materia ao longo do transcurso do trimestre.

7º Controis de revisións dos cadernos de traballo. Puntúa a mellorar a nota da avaliación. Durante os **controis** se **revisarán** os **cadernos**.

Durante os **controis escritos** todo o material de estudo deberá estar na maletas -ou mochilas-, ou fora do ámbito das mesas.

A **recuperación dos controis suspensos** ou para **subir nota**, non se realizarán nas sesións da materia. Se buscará hora e datas que non prexudique o normal funcionamento das sesións.

2º TRIMESTRE

A **avaliación continua** do 2º Trimestre constará das seguintes valoracións:

1º Control: posibles datas entre o 25 e o 31 de xaneiro.

2º Control: posibles datas na 1ª quincena de Febreiro.

3º Control: posibles datas na última semana de febreiro e 1ª semana de marzo.

4º Control: posibles datas entre o 15 e 19 de marzo.

5º Control traballos: entrega de traballo durante a exposicións que serán determinadas unha vez que se vaia explicando a materia ao longo do transcurso do trimestre.

6º Controis de revisións dos cadernos de traballo. Puntúa a mellorar a nota da avaliación. Durante os **controis** se **revisarán** os **cadernos**.

Durante os **controis escritos** todo o material de estudio deberá estar na maletas -ou mochilas-, ou fora do ámbito das mesas.

A **recuperación dos controis suspensos** ou para **subir nota**, non se realizarán nas sesións da materia. Se buscará hora e datas que non prexudique o normal funcionamento das sesións

3º TRIMESTRE

A **avaliación continua** do 3º Trimestre constará das seguintes valoracións:

1º **Control escrito**: posibles datas na 1ª quincena de abril.

2º **Control escrito**: posibles datas a finais de abril ou na 1ª semana de maio.

3º **Control escrito**: posibles datas a finais maio.

4º **Control escrito**: posibles datas na 1ª semana de xuño.

5º Control traballos: entrega de traballo durante a exposicións que serán determinadas unha vez que se vaia explicando a materia ao longo do transcurso do trimestre.

6º Controis de revisións dos cadernos de traballo. Puntúa a mellorar a nota da avaliación. Durante os **controis** se **revisarán** os **cadernos**.

Durante os **controis escritos** todo o material de estudio deberá estar na maletas -ou mochilas-, ou fora do ámbito das mesas.

A **recuperación dos controis suspensos** ou para **subir nota**, non se realizarán nas sesións da materia. Se buscará hora e datas que non prexudique o normal funcionamento das sesións

-Control escrito final: recuperación de avaliacións pendentes. Posibles datas entre o **10 e 19 de xuño**:

- A **proba** consistirá en responder por escrito a 10 preguntas curtas extraídas do temario desenvolvido durante o curso.
- A **valoración** será de 1 punto por resposta correcta, ata o máximo de 10; considerarase aprobado e superado o temario con nota de 5 ou mais.
- Dita **recuperación xeral** poderá ser dunha soa avaliación, dúas ou global si o alumno suspendeu todas as avaliacións.
- Si o alumno non recupera, presentarase en **setembro** con toda a materia sobre os **contidos mínimos**.

5.4 MECANISMO/S DE RECUPERACIÓN DA PROBA NON SUPERADA

Rematada a **avaliación**, é preciso **implementar reforzos** e **guías** aos alumnos/as que non superaron positivamente a avaliación coa subministración de **fichas de repaso**:

- a. **Subministración de resumos ou esquemas de contidos básicos.**
- b. **Control de recuperación por escrito .**

5.5 AVALIACIÓN FINAL E EXTRAORDINARIA

- **Avaliación e Cualificación Final**

O peso das cualificación das avaliacións na nota da avaliación final será o mesmo. Para establecela, farase a media coa condición de alcanzaren un mínimo de catro en cada avaliación. Se a media das notas das tres avaliacións é positivo (cinco ou máis) o alumno/a supera a materia. A nota pode verse mellorada ata un 5% e ponderada á alza ata outro 5% polo comportamento e actitude positiva ante a materia durante todo o curso.

- **Avaliación extraordinaria**

Descrición do tipo de proba: número de preguntas, valoración de cada unha delas, etc.

A proba extraordinaria de Setembro constará dun exercicio escrito seguindo os criterios e modelos das probas realizada no control escrito final de xuño:

- A **proba** consistirá en responder por escrito a 10 preguntas curtas extraídas do temario desenvolvido durante o curso.
- A **valoración** será de 1 punto por resposta correcta, ata o máximo de 10; considerarase aprobado e superado o temario con nota de 5 ou mais.

- Se durante o curso o alumno fixo as tarefas e traballos e a actitude ante a materia foi correcta segundo o previsto e fixado nos parámetros, terase en conta na nota final.

VI- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria seu **Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29)**, no **Artigo 21.3** en relación coa **Educación Secundaria Obrigatoria** e no 33.4 para o Bacharelato, sinalase que:

“O profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o que establecerá indicadores de logro nas programacións didácticas.”

A reflexión e avaliación sobre a propia práctica docente é a mellor vía de formación e renovación permanente, feita con rigor e coa axuda de instrumentos válidos.

A **avaliación do proceso do ensino e a práctica docente** farase, na medida do posible, cunha periodicidade **trimestral**, coincidente coa **avaliación**. Pode ser mediante unha táboa de datos.

O Departamento fará uso dos seguintes indicadores (ou outros semellantes, extraídos do estudio de distintos programas dos que dispoña a Consellería de

Educación, aplicados aos IES, ou que se fagan no centro de acordo co **Departamentodeorientación**, para **avaliar o proceso do ensino e da práctica do profesorado do departamento de Xeografía e Historia:**

INDICADORES:

A.-Preparación do ensino e da materia

- A.1.- Domina os contidos da materia e o marco curricular.
- A.2.- Coñece as características, coñecementos e experiencias do alumnado.
- A.3.- Domina a didáctica da materia.
- A.4.- Organiza os contidos e os estándares de aprendizaxe de maneira coherente co marcocurricular e as particularidades do alumnado.
- A.5.- As estratexias de avaliación son coherentes cos estándares de aprendizaxe, e permitendemostrar a todo o alumnado o aprendido.

B.- Creación dun ambiente propicio para a aprendizaxe

- B.1.- Establece un clima de relacións de aceptación, equidade, confianza, solidariedade e respecto.
- B.2.- Manifesta altas expectativas sobre as posibilidades de aprendizaxe e desenvolvemento de todos os seus alumnos.
- B.3.- Establece e mantén formas consistentes de convivencia na aula.
- B.4.- Establece un ambiente organizado de traballo e dispón os espazos e recursos en función das aprendizaxes.

C.- Ensino para a aprendizaxe de todo o alumnado

- C.1.- Comunica de forma clara e precisa os obxectivos e contidos da materia
- C.2.- As estratexias de ensino son coherentes, motivadoras e significativas para o alumnado
- C.3.- O contido da clase é tratado con rigorosidade conceptual e é comprensible para o alumnado.
- C.4.- Utiliza metodoloxías baseadas nas TIC.
- C.5.- Optimiza o tempo dispoñible para o ensino.
- C.6.- Promove o desenvolvemento do pensamento.
- C.7.- Avalía e recolle o proceso de comprensión e ampliación dos contidos por parte do alumnado.

D.- Responsabilidades profesionais como profesor

- D.1.- O profesor reflexiona sistematicamente sobre a súa práctica.
- D.2.- Constrúe relacións profesionais e de equipo cos seus compañeiros.
- D.3.- Asume responsabilidades na orientación do seu alumnado.
- D.4.- Propicia relacións de colaboración e respecto cos pais.
- D.5.- Manexa información actualizada sobre a súa profesión, o sistema educativo en normativa vixente.
- D.6.- Participa e comprométese con Proxecto Educativo do centro.
- D.7.- Organiza e participa nas actividades colectivas do centro.

OS INSTRUMENTOS PARA AVALIAR OS ANTERIORES INDICADORES PODERÍAN SER ALGÚNS DOS SEGUINTEs, SEGUNDO O CASO:

- Reflexión do profesorado sobre a súa práctica docente.**

- Análise do cumprimento dos diversos aspectos da programación (obxectivos, contidos, metodoloxía,...).**
- Análise dos resultados académicos.**
- Reunión entre o profesorado.**
- Enquisas persoais ou anónimas ao alumnado sobre diferentes aspectos**

· Outros Indicadores:

De **logro do proceso de ensino** tomados do modelo da **Consellería** poden ser os que a continuación detallamos:

	Escala			
	1	2	3	4
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

Delogo da práctica docente:

	Escala			
	1	2	3	4
1. Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2. Ofrecense a cada alumno/a as explicacións individualizadas que precisa.				
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4. Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5. Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6. Combínase o traballo individual e en equipo.				
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9. Incorporáranse as TIC aos procesos de ensino – aprendizaxe.				
10. Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11. Ofrecense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12. Análizanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13. Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14. Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15. Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				

16. As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17. Avaliase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

VII-ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES.

7.1. ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO DAS MATERIAS PENDENTES:

O/A **Xefe/a de Departamento** e o **profesorado** que imparte cada nivel, encargaranse do alumnado con materias pendentes, levando a cabo un **seguimento** desde o comezo do curso destes alumnos/as.

Atenderanse todas as súas **dúbdas** sobre a materia que entra nos exames.

Corrixiranse os **cadernos** de **actividades** sobre a materia dos alumnos/as que voluntariamente os realizaron e proporase a elaboración de **resumes** dos **temas** polo alumnado. Estas dúas actividades (resumes e cadernos) teñen como obxectivo **reforzar** a adquisición de **coñecementos** e **motivar** aos alumnos/as a que **traballen** a materia **progresivamente** en vez de deixalo todo para o día antes do exame.

7.2. RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DE MATERIAS PENDENTES

Os alumnos/as de 2º da ESO que teñan pendente a materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** realizarán **dúas probas escritas ao longo do curso**, puntuadas de 1 a 10 puntos.

A súa celebración será **flexible** procurándose non interferir no desenvolvemento da actividade normal do curso.

De non superar os exames anteriores, terán un **exame final** con cuestións de todas as avaliacións non superadas.

A **cualificación final** será o resultado da **media** aritmética das cualificacións das **dúas valoracións**. Considerarase superada a materia cando se obteña, unha puntuación igual ou superior a 5 puntos e se superen ao mesmo tempo as **dúas valoracións**.

A avaliación de materias pendentes non será progresiva. O alumnado terá a obriga de aprobar cada nivel. Superar a materia de XEOGRAFÍA e HISTORIA do curso no que está matriculado non implica aprobar a materia pendente.

No caso, de que o profesor que imparte a materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** tivera que desempeñar tarefas de **recuperación** con **alumnos de 3º ou 2º da ESO** que teñan pendente a materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** estableceríase o seguinte

Mecanismo:

1-Seguimento:

- Faríase un calendario de clases de recuperación.
- Elaboración de traballos da materia
- Reunións de seguimento e verificación.

2-Proceso de Avaliación con 2 avaliacións parciais por medio de:

-Control escrito de preguntas (10 cuestións curtas, con nota final de valoración de 1 a 10) sobre os contidos da materia desenvolvidos nas tarefas. 70% da nota da avaliación.

-Revisión de tarefas: libreta de traballo desenvolta segundo os criterios marcados. 30 % da nota da avaliación.

Os demais criterios (avaliación final, cualificación de traballos realizados, como se calcula a cualificación final, ponderación, redondeos, etc.) serán os mesmos do réxime xeral coas adaptacións que fixeran falta no seu caso.

VIII-ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE LLE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS NA MATERIA DE XEOGRAFÍA E HISTORIA DE 1º DA ESO:

No caso da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** non é necesaria a organización de ningún tipo de procedemento para acreditar coñecementos previos necesarios para poder *impartir* materia, pero si convén realizar unha avaliación inicial para determinar vocabulario da materia e niveis de **coñecementos de primaria**.

IX-DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A **avaliación** da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** debe ser entendida como un **proceso continuo**.

A 1ª fase da **avaliación global** (inicial, formativa e final) é a **avaliación inicial**, que permite ao profesor da materia saber de onde se parte. Valóranse coñecementos, actitudes e capacidades previas, de partida, do alumnado. Será a base do profesor para deseñar ritmos e técnicas de traballo a seguir e a referencia para contrastar os progresos dos alumnos/as.

A **avaliación inicial na materia de XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** realizarase ao comezo das actividades lectivas, no mes de **setembro**, para poñer de manifesto as capacidades, coñecementos e actitudes previas do alumnado.

Nos **primeiros días de curso** realizarase unha **proba coas seguintes características**:

➤ Será de **dobre contido**:

-**Cuestionario individual de tipo test (15-20)**

-Varias preguntas curtas (4/5) de desenvolvemento valorativo e razoado (definicións, descricións, ...).

- A proba **corrixirase na clase e non condicionará a cualificación** das restantes avaliacións nin a nota final.
- A **intencionalidade**: apreciar coñecementos, aptitudes, carencias, ... previas do alumnado e detectar posibles problemas.
- Debe permitir **detectar** aspectos que poden interferir no proceso educativo e precisen dunha atención especial e incluso valorar a disposición emotiva do alumnado de cara á materia.

Se da proba escrita resultara o aprecio de **carencias** mais aló das previsibles da materia, é dicir, se se apreciase **deficiencias** que incidan negativamente no proceso de aprendizaxe: **ortografía, letra, fallas na comprensión, orde de ideas, expresións incorrectas, incoherencias, etc.**, sería preciso tomar as **medidas pertinentes**, precisas e necesarias de principio para corrixir tales carencias, **informando a titora** e facendo partícipe ao departamento de **Orientación** no diagnóstico e a toma de decisións adecuadas e continxentes ao caso

A **familia** do alumno será **informada** de todos os pormenores, inmediatamente, dándoselle a coñecer os resultados da proba e as medidas a tomar.

Mais aló da proba da avaliación inicial, nos **primeiros días** farase **observación** do funcionamento do **grupo** e da **actitude** cara a materia (comportamento, material, atención, implicación, ...), con intercambios orais en torno a algunha actividade inicial relacionada cos bloques (ler, escoitar, entender, expresar).

Considérase **importante esta proba**; os resultados serviran para coñecer o estado previo de coñecementos e interese que teñen os alumnos para saber o punto de partida á hora de comezar as explicacións.

A **información** obtida **orientará** ao profesor de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** para **decidir o enfoque didáctico** e o grao de profundidade co que deberá desenvolver os novos contidos.

X- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A **Consellería de Cultura, Educación e OU**, no seu **DECRETO 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, no seu **art. 7. Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo** sinala:

1. Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado.

Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que **as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.**

2. A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión, e **asegurarán a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.**

3. A identificación e a valoración do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo e, de ser o caso, a intervención educativa derivada desa valoración, realizaranse do xeito máis temperán posible, nos termos que determine a consellería con competencias en materia de educación. **Os centros docentes deberán adoptar as medidas necesarias para facer realidade esa identificación, valoración e intervención.**

4. Correspóndelle á consellería con competencias en materia de educación establecer as condicións de accesibilidade e deseño universal, e os recursos de apoio que favorezan o **acceso ao currículo do alumnado con necesidades educativas especiais, e adaptar os instrumentos e, de ser o caso, os tempos e os apoios que aseguren unha correcta avaliación deste alumnado.**

A consellería con competencias en materia de educación, coa finalidade de facilitar a accesibilidade ao currículo, establecerá os **procedementos oportunos cando cumpra realizar adaptacións significativas dos elementos do currículo**, coa finalidade de atender o alumnado con necesidades educativas especiais que as precise. **Estas adaptacións realizaranse procurando o máximo desenvolvemento posible das competencias; a avaliación continua e a promoción tomarán como referente os elementos fixados nas devanditas adaptacións.** En calquera caso, o alumnado con adaptacións curriculares significativas deberá superar a avaliación final para poder obter o título correspondente.

5. A escolarización do alumnado con altas capacidades intelectuais, identificado como tal segundo o **procedemento e nos termos que estableza a consellería con competencias en materia de educación, flexibilizarase nos termos que determine a normativa vixente.**

Esta **flexibilización poderá incluír tanto a impartición de contidos e a adquisición de competencias propias de cursos superiores como a ampliación de contidos e competencias do curso corrente, así como outras medidas.**

6. Os **plans de actuación, así como os programas de enriquecemento curricular adecuados ás necesidades do alumnado con altas capacidades intelectuais**, que lle corresponde adoptar á consellería con competencias en materia de educación, permitirán **desenvolver ao máximo as capacidades** deste alumnado e **terán en consideración o seu ritmo e o estilo de aprendizaxe, así como o do alumnado especialmente motivado pola aprendizaxe.**

No mesmo senso, o **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia na **Sección 3.ª Plan Xeral de Atención á Diversidade** no seu **art. 10**, sobre o **Concepto** sinala:

O **Plan Xeral de Atención á Diversidade** é o documento en que se articula a atención á diversidade a que se refire o artigo 121.2 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación. Neste plan concretaranse todas as actuacións e medidas de atención á diversidade que un centro educativo diseña e desenvolve para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do seu alumnado.

Con base no sinalado na normativa, o **Departamento de Xeografía e Historiano** desenvolvemento curricular de cada materia, e na programación anual da mesma terá presente o **Plan Xeral de atención a diversidade** contido no **PEC** do centro.

Débase sinalar que no cursos 2017-18 / 2018-19 o centro propónse elaborar/actualizar un novo PEC.

O desenvolvemento do **principio de igualdade** recollido na **CE de 1978** e nas leis que a **complementan**, a **atención á diversidade** debe entenderse, de acordo coa normativa vixente, como o conxunto de **actuacións** dirixidas a dar **resposta** ás **diferentes capacidades, ritmos e estilos de aprendizaxe, motivacións e intereses, situacións económicas, sociais, culturais, lingüísticas e de saúde do alumnado**, todo el merecedor da aplicación do **principio de igualdade de oportunidades**, polo tanto, de atención ás situacións de partida educativa e formativa **diferenciadas e desiguais en orixe**.

Todas as **medidas** que se establezan orientáanse a alcanzar os **obxectivos** e as **competencias** establecidas e réxense polos principios de calidade, equidade e igualdade de oportunidades, normalización, integración e inclusión escolar, igualdade entre mulleres e homes, non-discriminación, flexibilidade, accesibilidade e deseño universal, e cooperación da comunidade educativa.

Nas nosas **aulas** dáse unha crecente **complexidade**, non todos os alumnos/as poden seguir o mesmo ritmo de aprendizaxe, sexa polo desenvolvemento psicolóxico como por múltiples causas e **circunstancias persoais e sociais**.

No deseño das **MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**, sexan de reforzo ou específicas, atendendo ao caso, o Departamento fará uso de **metodoloxías, adaptacións curriculares, actividades, instrumentos didácticos diferenciados e contemplados nos programas das materias, na normativa e no Plan Xeral de atención a diversidade**.

A **implementación** das medidas farase en función de que o tipo de axuda que ofrecen responda ás **necesidades e peculiaridades** que necesitan os alumnos.

O **Departamento de Xeografía e Historia**, no momento da detección de situación obxecto de atención estará á plena disposición do **Departamento de Orientación** e ao disposto no **Plan Xeral de atención a diversidade** contido no **PEC** do centro.

Non procederon, no momento de elaboración desta programación, o establecemento de medidas precisas na materia de XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º

da ESO, no presente curso, atendendo aos expedientes e prevencións do alumnado.

No caso de presentarse situacións de atención non previstas aplicaríanseas medidas que garanten que as condicións de desenvolvemento curricular adaptaranse as necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

- CONCRECIÓN DAS MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE:

O esquema básico das MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE, atendendo á normativa sería:

MEDIDAS ORDINARIAS E EXTRAORDINARIAS

A. MEDIDAS ORDINARIAS: Organizativas y curriculares

a) Organizativas

• Adecuación para algún alumno/a ou grupo da estrutura organizativa do centro e/ou da aula.

a) Tempos diferenciados, horarios específicos, etc.

b) Espazos diferenciados.

c) Materiais e recursos didácticos diferenciados.

• Desdoblamento de grupos.

• Reforzo educativo e/ou apoio de profesorado na aula.

b) Curriculares

• Adaptacións metodolóxicas para algún alumno / grupo, como traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos, etc.

• Adaptación dos tempos e/ou os instrumentos de avaliación para algún alumno/a.

• Programas de reforzo para o alumnado que tivo promoción sen superar todas as materias.

• Programa específico para alumnado repetidor da materia.

• Aplicación personalizada dese programa específico para repetidores da materia.

B. MEDIDAS EXTRAORDINARIAS: Organizativas y curriculares

a) Organizativas

• Alumnado que recibe apoio por parte do profesorado especialista en PT / AL.

• De ser o caso, grupos de adquisición das linguas (para alumnado estranxeiro).

• De ser o caso, grupos de adaptación da competencia curricular (alumnado estranxeiro).

• Outras medidas organizativas: escolarización domiciliaria, escolarización combinada, etc.

b) Curriculares

- Adaptacións curriculares na materia.
- De ser o caso, agrupamento flexible ou específico autorizado na materia.
- Alumnado con flexibilización na escolarización.
- Descrición do protocolo de coordinación co profesorado que comparte co titular da materia os reforzos, apoios, adaptación, etc. (coordinación cos PT / AL / outro profesorado de apoio / profesorado do agrupamento / etc.

XI-CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.

A **Consellería de Cultura, Educación e OU** no seu **DECRETO 86/2015, do 25 de xuño**, no que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato no seu **art.4 dos Elementos transversais**, sinala:

“1. A **comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, as tecnoloxías da información e da comunicación, o emprendemento, e a educación cívica e constitucional** traballarán en todas as materias, sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das materias de cada etapa.

2. A consellería con competencias en materia de educación fomentará o desenvolvemento da **igualdade efectiva entre homes e mulleres, a prevención da violencia de xénero ou contra persoas con discapacidade, e os valores inherentes ao principio de igualdade de trato e non discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social.

Do mesmo xeito, promoverá a **aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos** en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos **valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto aos dereitos humanos, o respecto por igual aos homes e ás mulleres, e ás persoas con discapacidade, e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto ao Estado de dereito, o respecto e a consideración ás vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.**

A **programación docente** debe abranger en todo caso a **prevención da violencia** de xénero, da violencia contra as persoas con discapacidade, da violencia terrorista e de calquera forma de violencia, racismo ou xenofobia, incluído o estudo do **Holocausto** xudeu como feito histórico.

Evitaránse os comportamentos e os contidos **sexistas** e os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, **favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual.**

3. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en **actividades** que lle permitan afianzar o **espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.**

4. No ámbito da **educación e a seguridade viaria**, promoveranse accións para a mellora da **convivencia e a prevención dos accidentes de tráfico**, coa finalidade de que os/as alumnos/as coñezan os seus dereitos e deberes como

usuarios/as das vías, en calidade de peóns, viaxeiros/as e condutores/as de bicicletas ou vehículos a motor, respecten as normas e os sinais, e se favoreza a convivencia, a tolerancia, a prudencia, o autocontrol, o diálogo e a empatía con actuacións adecuadas tendentes a evitar os accidentes de tráfico e as súas secuelas.”

A teor do sinalado no texto, compre, dende o departamento e dende a materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO**, facer **concrecións** dos elementos transversais.

Os **Elementos transversais** da **programación** serían:

1. Programación de educación en valores.
2. Tratamento do fomento da lectura.
3. Tratamento do fomento das tic.
4. Tratamento do fomento da convivencia no centro.
5. Contribución da materia ao proxecto lingüístico.

11.1-PROGRAMACIÓN DE EDUCACIÓN EN VALORES:

As materias do departamento de **XEOGRAFÍA e HISTORIA** son susceptibles de vincularse con moitos temas transversais que leven á reflexión crítica e á educación en valores, a través do traballo habitual na clase: *a valoración do papel desempeñado polos gobernos nos diferentes períodos da historia e da evolución da economía ou das crisis económicas; o papel da muller no ámbito político, económico, laboral ou cultural; en xeografía económica, con temas como o coidado do medio ambiente, a sustentabilidade, a acción antrópica na paisaxe natural...*

Os **contidos xornalísticos**, por exemplo, permiten a **reflexión** sobre case todos os temas transversais da actualidade podendo ver a permanencia ou a evolución no tempo; **un exemplo: as desfeitas patrimoniais nas diferentes guerras**

O alumnado de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** recibe ensinanza de educación en valores co tratamento de temas transversais: **Educación cívica e moral, Educación para a saúde do consumidor, Educación para a paz, Educación non sexista, Educación ambiental e de respecto ao patrimonio histórico e cultural.**

Na materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** insistirase, acotío, nos principios e condutas de **tolerancia, solidariedade, respecto á diversidade, consumo responsable, non á violencia e respecto ao patrimonio** (este último en consonancia plena cos contidos da materia de **Hª da Arte**, e as distintas materias de **Economía, Historia e Xeografía**); todos estes principios son tendentes a formar **persoas solidarias e responsables.**

Teremos presente que o alumnado chega á maioría de idade co remate dos seus estudos de **Bacharelato**, polo que deberá ser consciente do que implica: ser cidadán de pleno dereito e deber, aplicando, xa non como concepto teórico, se non como criterio de vida, valores como a tolerancia, o respecto, etc.

Especificamente, entre outros que podar xurdir, **trataranse:**

· **Educación para a paz:** A partir da análise da **Hª universal** e da **economía e das crisis económicas e as súas consecuencias** -tamén en **España e Galicia e nos concellos da entorna-** de todos os tempos, e mesmo de textos xornalísticos actuais. Destacarase a importancia de considerar os **códigos ideolóxicos, relixiosos, políticos, económicos, territoriais** dos feitos que son noticia para una **comprensión** cabal da mensaxe, na que se inclúan as distintas **visións do mundo** que existiron e que aínda perduran na actualidade. Exemplo: as circunstancias da **Guerra Civil** e as súas consecuencias que tan negativamente afectaron á **poboación**, á **economía** e ao seu **patrimonio material e inmaterial**: destrución do **patrimonio** e da **economía agraria** ou **urbana**, a **morte violenta** da poboación e o **exilio**; a **pobreza**, a **degradación moral**, a **violencia**, a **censura** e o **control** dos cidadáns, o **menosprezo** pola **cultura** e as **expresións da arte** (*idem* nos réximes fascistas).

· **Educación moral e cívica:** O traballo dentro da materia de **XEOGRAFÍA e HISTORIA de 1º da ESO** é básico para adquirir **coñecemento** da **orixe, formación e expansión** de **diferentes ideoloxías político-económicas e relixiosas** e fomentar a **tolerancia** e o respecto.

Nas aulas do **instituto no presente**, e con mais intensidade no **futuro**, é e será frecuente a **presenza** de **alumnos** de **diversas realidades culturais, lingüísticas, relixiosas, ...** A lectura e a interpretación de **textos históricos**, crisis económicas territoriais ou mundiais, subdesenvolvementos estrutural de territorios do planeta e de **imaxes** da tradición artística, económica e cultural de diferentes pobos e etapas históricas, axudan a reflexionar sobre o valor e fin da vida, a paz, a concordia e a xustiza, desde as diferentes visións do mundo e do tempo.

Coa **perspectiva histórica e económica** obsérvanse **problemas** sociais e morais, non moi diferentes dos que se producen na sociedade actual (intolerancia, persecucións, desfeitas materiais e do patrimonio cultural, falseamento da verdade, ...), o cal permitiranos a **reflexión crítica** sobre a conduta dos personaxes e as situación polas que atravesan e a súa relación co mundo real.

· **Educación do consumidor:** Este tema transversal pode ser analizado dende as diferentes áreas das ciencias sociais. Na disciplina da **xeografía económica e economía** poderán ser mellor tratado e apreciar como a sociedade se transformou.

Partiríase da análise da persuasión, a sedución e dos mecanismos da manipulación empregados pola **publicidade**, como instrumento básico para aumentar o nivel de venda dos produtos das empresas que os publicitan. Demostrar como a demanda eleva a oferta se eses produtos se anuncian, a que hora se anuncian e en que medios. Debe facerse fincapé en que o obxectivo final do discurso publicitario é fomentar o consumo do produto ou servizo ofertado, polo que non escatima en medios para conseguilo, desde a realización de estudos psicolóxicos e sociolóxicos, ata o recurso da publicidade encuberta ou subliminar, cada vez máis utilizada no **cine** e a **televisión**. O coñecemento destes feitos permitirá ao alumnado detectar a intencionalidade enganosa, adoptar una actitude crítica e consumir dun xeito responsable. Haberá que ver especialmente o poder dos medios de comunicación, tanto na información xeral como no ámbito do consumo. Na **ECONOMÍA e Xeografía e**

Historia de 1º da ESO ena parte do **temariodeHª da Arte** que estudemos, podemos tratar o **consumismo** industrial, a obsolescencia programada e a **desviación** da actual **industria da Arte**: a posesión polo feito da exclusividade, a degradación/multiplicación da expresión da Arte polas modas e subculturas, o consumo da cultura masas, as crisis económicas de sobre-produción

- **Educación para a igualdade de oportunidades de ambos os sexo:** Pódese abordar este contido transversal partindo directamente da lectura dos artigos 10 e 14 da Lei Orgánica 1/2004, dado que neles protéxense os **dereitos** da **muller** e salvagardan a igualdade entre home e muller no ámbito da publicidade e dos medios de comunicación. Tamén pódense utilizar os anuncios (institucional do Ministerio de Igualdade, ou dos Mass Media) sobre os **maltratadores** e facer **regresións** sobre o trato á **muller na Historia e na Historia da economía e Historia da Arte**. A análise dos contidos dos **Mass Media** ou das páxinas de contacto nos xornais, servirán para tratar simultaneamente o tema da **explotación** da **muller** como obxecto sexual e o tema da educación moral e cívica.

A **historia** permítenos analizar o **papel da muller**, relegado a maioría das veces ao ámbito doméstico, a súa consideración social –reducida- e suxeita ás convencións políticas, relixiosas, ... Deberá tratarse **historicamente** e **economicamente** a temática da **muller** como produtora na economía, na cultura e de obras de Arte ao longo da Historia a pesar da súa situación de desigualdade.

- **Educación ambiental:** En **xeoografía económica** e **economía** dedícase lle temas especiais; case non debería considerárselle transversal; forma parte do currículo. Si pode incluírse como tema transversal os comportamentos acotío na **aula** (**limpeza, ruído, reciclaxe dos materiais utilizados**).

- **Educación sexual:** Os nosos alumnos **non carecen de información** relacionada co tema, polo que o que máis **necesitan**, é formación **educación**. Pódense aproveitar textos xornalísticos, obras de arte ao longo da Hª, informes da explotación económica do sexo, como motivos para a **análise** da **sexualidade** (erotismo, comportamentos, intolerancia, homofobia, explotación sexual, etc); os textos literarios, as imaxes, debates e coloquios televisivos ou preparados polos propios alumnos, etc., serven para traballar o tema etamén as **consecuencias** da **ignorancia sexual**: comportamentos abusivos, explotación, malos tratos, etc.

- **Educación para a saúde:** Pódese tratar en paralelo ao anterior e cos mesmos tipos de textos. Engadiríase o tema das **drogas** e o do **alcoholismo**.

- **Educación para o coidado e protección do patrimonio artístico e cultural:** Coidar e preservar o noso patrimonio cultural e natural é unha **prioridade** da sociedade. As **identidades** constitúense e refórzanse através dos **símbolos**, figuras representativas, **tradicións** que serven de elementos referenciais fundamentais para a **conservación** do noso patrimonio. a destrución do noso patrimonio vai xerar polo tanto una falta de identidade.

11.2-TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA:

Na medida na que no centro se **deseñe e implemente** o **proxecto lector**, o **departamento de XEOGRAFÍA e HISTORIA** participará plenamente. O profesorado debe facer seguimento da **expresión oral e escrita** do **alumnado**. Analizarase a capacidade de construír **frasescoherentes**, elaborar temas e definir conceptos nas distintas actividades dos materiasdo Departamento, así como a capacidade do alumnado para levar a cabo unha **lectura comprensiva** dos contidos do libro e doutros documentos propostos polo profesor ou profesora. Os posibles **instrumentos** a usar para **avaliar** anteriormente exposto, entre outros, destacan os seguintes:

- **Corrección das probas escritas e/ou expositivas**, incidindo e valorando a capacidade expresiva, a ortográfica e caligráfica.
- **Realización de traballos sobre temas da materia estudada:** unha vez realizados deberán lerse e explicarse na aula ante os compañeiros.
- **Valoración das actividades realizadas no caderno de clase:** cun mínimo de orde, coherencia, limpeza e lexible.
- **Proposta de traballos de índole variada:** Exposición comentada e valorativa de traballos individuais ou en grupo de temática diversa dentro da materia.
- **Lectura e recensión de textos diversos -libro, periódico ou calquera outro material didáctico-**: a finalidade é comprobar a **lectura comprensiva**.

As **Ciencias Sociais**, *per se* constitúen un idóneo punto de partida para fomentar o hábito da **lectura**: a **Historia**, a **Xeografía**, e os **estudos de Hª da Arte** baséanse na **documentación escrita e gráfica**. Explicar aos alumnos como una realidade histórica ou económica pódese constatar cun documento histórico resulta moi ilustrativo. En xeral, os libros de texto de hoxe en día inclúen este tipo de documentos que, ou ben se len na clase reflexionando sobre eles, ou ben son traballados polos alumnos nas súas casas.

Un gráfico de economía, unha estatística sinxela de poboación, de actividades ou riqueza –comentados- informa da realidade histórica, económica, material, ideolóxica, moral, ... concreta.

Este departamento considera **necesaria** e moi **didáctica** a **colaboración** coa **biblioteca** do centro, polo que **colaborará** en aportar **lecturas recomendadas** por niveis académicos para os alumnos da ESO e de Bacharelato.

A lectura dos libros **nunca será obrigatoria**; os profesores **estimularán** –coa **mellora na nota na avaliación-** aos alumnos á lectura da **novela histórica ou de narrativa histórica**-prestando atención aos contidos da materia reflectidos nelas-, como medio para achegarse ao acontecer económico-histórico. Ao remate da mesma os alumnos farán un traballo que contará para a nota. Tratarase de elixir exemplares das que haxa suficientes na Biblioteca ou que existan en formato dixital.

Os profesores dos cursos de ESO e Bacharelato recomendarán ao alumnado, como contribución ao **Proxecto Lector** e complemento das materias explicadas na aula, a lectura de biografías de artistas e personaxes históricos de relevo con certos contidos da materia (**Mestre Mateo, Velázquez, Goya, Monet, Picasso, Napoleón, Roosevelt, Juan Prim, Bismark, Hitler, A Pasionaria, Isabell II de España, etc.**), e de **novelas históricas** de libre elección entre as que hai no centro.

11.3-TRATAMENTO DO FOMENTO DAS TIC.

As **Tecnoloxías da Información e a Comunicación (TIC)** son todos aqueles **recursos, ferramentas e programas** que se utilizan para procesar, administrar e compartir a **información** mediante diversos **soportes tecnolóxicos**, tales como: **ordenadores, teléfonos móbiles, televisores, reprodutores portátiles de audio e vídeo ou consolas de xogo.**

O papel das **TIC** na **sociedade**, hoxe en día, é importante porque ofrecen moitos **servizos** como: **correo electrónico, procura de información, banca online, descarga de música e cinema, comercio electrónico, etc.** Por esta razón as **TIC forman parte en diversos ámbitos da vida, entre eles, o da educación.**

Ademais douso dos recursos tradicionais en **papel impreso**: fontes bibliográficas, libros de texto, libros de lectura, fotocopias, textos especialmente seleccionados (históricos, de Arte, historiográficos, diagramas, mapas temáticos, mapas mudos, estatísticas diversas de economía, noticias de prensa, etc.), utilizaranse os **medios audiovisuais e as TIC** para a adquisición da **competencia** no **tratamento da información** e a **competencia dixital** e dar apoio ás explicacións, ás exposicións orais do alumnado, á procura de información, á composición de textos ou á realización de traballos de investigación.

Medios audiovisuais: **diapositivas** de xeografía, xeografía económica e de arte, **fotografías** de paisaxes, **láminas, películas** de acontecementos históricos, **gravacións musicais** que se relacionen con épocas concretas, **documentais, programas TV**, etc.

O uso de **sistemas informáticos** fomenta e axuda á ampliación do **vocabulario** polo uso de **terminoloxía específica** dos sistemas operativos: arquivos, escritorio, barra de ferramentas, cartafolios, fiestras, etc.; termos referidos á organización e recuperación da información en diferentes soportes: disquete, disco duro, pen drive, CD-ROM, DVD, etc.

É importante **subliñar** que en 1º e 2º de ESO hai o **Proxecto Abalar**.

Fomentarase nos diferentes cursos e materias de **CCSS**:

- O uso dos **procesadores de textos** para a **presentación** correcta dos seus **traballos escritos** en ordenador: marxes, sangrados, tamaños e tipos de letra, viñetas ...

- O uso de **programas de presentación (Power-Point)** para as **exposicións orais** do alumnado na clase.

- A **visualización** das **presentacións** en Power-Point colgadas na rede feitas por profesores **doutras comunidades**. Servirán ao alumnado para apreciar a **sintetización** de contidos.

- O uso de **correctores, tradutores e dicionarios**, para aquelas páxinas que aporten información noutras linguas.

- **Internet** será eficaz non só para a procura de **información** senón tamén como vía de **acceso** ás **páxinas web** de **interese** das **materias curriculares** do noso departamento, visitas e creacións de blogs.

11.4-TRATAMENTO DO FOMENTO DA CONVIVENCIA NO CENTRO. Accións de contribución ao Plan de Convivencia:

Vivir xuntos, aprender a convivir, é unha finalidade esencial da educación, e representa un dos principais retos para os sistemas educativo actuais.

Esta **aprendizaxe** é -non so- valiosa en si mesma, e **imprescindible** para a construción dunha sociedade máis democrática, solidaria, cohesionada e pacífica na que fenómenos como o acoso escolar, a violencia doméstica, a violencia de xénero, o maltrato, ... non teñan cabida.

O **informe da UNESCO da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI** propoñía máis alá do estrito campo do coñecemento- esinalaba a necesidade de que os **alumnos aprendan na escola a convivir**, coñecendo mellor ós demais e creando un espírito novo que impulse a realización de **proxectos comúns** e a solución pacífica e intelixente dos conflitos.

Unha **percepcións** estendida na poboación española e galega fai referencia ao progresivo incremento dos **problemas** de **convivencia** nos centros educativos, especialmente nos centros de **secundaria**. As situacións de indisciplina, insolencia na comunicación e acoso escolar entre escolares - existiron sempre-, parecen ter cobrado maior relevancia nos últimos anos, en parte polos **Mass Media**. Percíbese un aumento dos problemas e dificultades do profesorado para impartir as clases e levar a cabo o proceso de ensino polas **condutas disruptivas nas aulas**, e apareceron **condutas de agresión entre compañeiros**, que adoptan formas diversas, desde a agresión física directa ata a psicolóxica máis sutil.

Hai un amplo acordo sobre a **complexidade** que encerra a **convivencia escolar** e a presenza de **múltiples factores** que contribúen a explicar os principais **problemas** da convivencia.

Na actualidade -2018- o clima de convivencia deste centro é bo, non se observaron serios problemas nos cursos pasados, mais aló de apreciacións individuais das casuísticas e algunha excepción, caso concreto, a contar como grave ou moigrave.

Alguns conflitos xurdidos eran **esporádicos** e resolvíanse fundamentalmente co **diálogo**, con medidas de **intervención individual** ou en **grupo** ou **disciplinarias** de carácter menor. Para seguir así, é importante que a metodoloxía empregada no proceso ensino -aprendizaxe este implicada en xerar un bo **clima** de **convivencia na aula e no centro**.

Dende o departamento de **XEOGRAFÍA e HISTORIA** contribuiremos a fomentar e por en práctica o **plan de convivencia** impartindo unha **educación** baseada na **tolerancia** e o **respecto** a todo tipo de crenzas e opinións.

Fomentarse o traballo e a responsabilidade, desenvolvidos nun ambiente de liberdade, no respecto aos principios democráticos, potenciando a autoestima e facilitando a superación persoal.

Evitaremos nas aulas as condutas disruptivas (levantarse sen permiso, falar durante as explicacións, ...), condutas **violentas** (dano físico e/ou verbal) ou **dano** ás **propiedades e mobiliario** escolar.

O profesorado deste departamento intentará conseguir a **integración** de todo o alumnado **sen ningún tipo de discriminación** realizando **actividades** que valoren positivamente a **diversidade** cultural das persoas.

Fomentaremos o **asociacionismo** do alumnado cando mandemos facer traballos ou actividades en grupos. Serán grupos **heteroxéneos** en xénero, nivel de rendemento,

Na **medida do posible** faranse **actividades** para conmemorar determinados eventos considerados clave e significativos da convivencia pacífica en liberdade: **a Semana da Constitución e do Estatuto de Autonomía de Galicia, o día dos Dereitos Humanos, o día Internacional contra a violencia cara ás mulleres, ...**

Tentaremos de establecer un **clima** de traballo adecuado durante o curso; para isto buscaremos o consenso das **normas de funcionamento** do grupo-clase; normas a cumprir por todos e que serán claras, concretas, xustas e discutibles.

Ante calquera **conflicto** que poida xurdir na clase, intentaremos actuar con **flexibilidade**, ponderación, moderación, criterio, ...tendo en conta á **persoa** e as **diferenzas individuais** do **alumnado**.

Será importante **concienciar** e **sensibilizar** a toda a Comunidade Educativa sobre a importancia dunha adecuada **convivencia** escolar, necesaria para un correcto funcionamento do centro e para un **bo clima educativo** que facilite os procesos de ensino-aprendizaxe.

Consideramos que **a Convivencia e o Plan de Convivencia deben ser traballados continuamente, diariamente por cada profesor na aula.**

As **materias das CCSS** permiten, polos **contidos**, as imaxes e os textos, e desde a propia acción educativa na aplicación da materia nas aulas, **fomentar valores** como a **igualdade** entre homes e mulleres, a **non-discriminación** por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, a resolución pacífica de conflitos, a defensa da liberdade, a igualdade, os dereitos humanos e a paz.

11.5- CONTRIBUCIÓN DA MATERIA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO:

Os membros do Departamento teñen previsto **colaborar**, como parte da comunidade educativa, para **acadar** os **obxectivos** que se recollan no futuro **Proxecto Lingüístico** do centro que se elaborará no presente curso 2018-19, que será incluído no **PEC**.

Con independencia do dito, no presente curso levaranse as seguintes **accións**:

- Contribuír a que o alumnado acade unha **competencia lingüística** axeitada tanto en **galego** como en **castelán** ao longo do proceso de formación.
- Participar no proceso de **dinamización lingüística** do centro.

- Favorecer as **actitudes positivas** cara co coñecemento da **lingua e cultura galegas**.
- Participar co resto da comunidade educativa en **actividades** que fomenten o uso e a **integración da cultura galega**.
- **Non discriminar** a ningún membro da comunidade escolar **por motivo da súa lingua**, de maneira que as actuacións que se fagan para favorecer o coñecemento da lingua galega ou castelá deberán axustarse ao principio de **non separación do alumnado en función da súa lingua**.
- Colaborar co resto da comunidade educativa para que o **alumnado con necesidades educativas especiais ou de nova incorporación** ao sistema educativo de Galicia poida **integrarse** ao ritmo ordinario de aprendizaxe do resto do alumnado o máis pronto posible.
- **Propiciar o uso do galego por parte do alumnado nas clases de XEOGRAFÍA e HISTORIA**, tanto a nivel oral como escrito, pero aceptando con total normalidade a posibilidade de que poida utilizar o castelán sen que este feito leve aparellado ningún tipo de discriminación.
- **Fomentar a busca e utilización de material multimedia en galego**, pero sen prexuízo de que se empregue tamén o atopado en castelán ou inglés, sobre todo tendo en conta que para moitos cometidos o material deste tipo en galego é bastante limitado.

XII-ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS POLO DEPARTAMENTO DE CCSS.

O DEPARTAMENTO de **CCSS** tentará de acercar á **realidade económica, histórica, xeográfica e artística** global e concreta ao alumnado do centro.

Tentarase xerar criterios e actitudes de valoración do entorno e visualizar, en directo, contidos de carácter teórico adquiridos no traballo de aula.

Con esta pretensión, para o curso 2018-19 programaranse e reflectiranse no **Plan Xeral de Actuación do Centro** as **actividades complementarias e extraescolares**.

Nesta futura **programación** de actividades extraescolares e complementarias, poderanse establecer, entre outras, as seguintes **saídas de carácter didáctico e actividades**:

- Centros **económicostradicionais** da entorna .
- **Exposicións** ou actividades culturais que xurdan ao longo do curso, en Noia ou vilas próximas.
- **Conferencias** programadas no centro desde a materia ou o departamento así como aqueles actos culturais que xurdan no curso no propio centro.
- Participación nas **actividades da Semana Cultural** a celebrar en abril. Os temas e grupos de destino determinarase ao longo do curso.

XIII- Mecanismos de revisión, de avaliación e de modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.

Coa referencia dos **resultados** acadados polo **alumnado** nas **avaliacións**, o Departamento de **XEOGRAFÍA e HISTORIA** fará **auto-avaliación** por medio dun debate de opinións e das observacións entre os membros do departamento, para **detectar erros** e **afianzar certos** da programación e adoptar as **medidas** pertinentes e oportunas.

Consideramos a **avaliación** como un **proceso constante** incluído na **programación** na que a fase final da mesma é a **memoria** que recolle as **propostas** de futuro para **retro-alimentar** e **mellorar** o proceso de ensino/aprendizaxe das materias do departamento.

Avaliarase:

a) A **concreción** e **cumprimento** dos **obxectivos**, **contidos** e **criterios de avaliación**. A **planificación temporal** dos **contidos**, cuestión difícil de planificar a 1ª vez que se da a materia; á avaliación periódica deste aspecto, permíte cadar mellores aproximacións de cara ao futuro.

b) A **selección** dos **contidos** considerados como **básicos**.

c) As **estratexias didácticas** empregadas.

d) Os **recursos** e **materiais** utilizados.

e) As **actividades** acotío, das que extraemos se contribuíron á comprensión do tema de traballo ou se son precisas outras actividades.

f) A **evolución** do alumnado con **medidas** de **atención** á **diversidade**.

g) A **eficacia** e **rendemento** das **actividades complementarias** e de **contidos transversais** e o **rendemento** das accións do proxecto lector e do plan de integración das TICs.

Pódense realizar **test anónimos** ao **alumnado**-cada trimestre ou ao final de curso-, sobre a valoración que teñen do profesorado que lle imparte clase, tanto a nivel didáctico como a percepción que teñen do traballo do profesor ou profesora.

O obxectivo é a mellora da programación e a práctica docente nos seguintes cursos, rectificando o preciso para lograr os obxectivos fundamentais da área.

- **A Periodicidade coa que se revisará a programación:** será trimestral e de carácter provisional, a espera da avaliación final e da memoria de fin de curso coas súas conclusións.
- **Contidos que foi preciso engadir ou eliminar con base na programación prevista:** serán determinados definitivamente na memoria e serán incluídos os cambios na programación do curso vindeiro.
- **Medidas que se adoptarán como resultado da revisión:** especificadas na memoria e programación vindeira.

Atendendo ao **modelo** de programación da Consellería, podemos sinalar os seguintes **INDICADORES de LOGRO**.

Mediranse do 1 ao 4 do seguinte xeito:

- Poucas veces: 1
 A miúdo: 2
 Case sempre: 3
 Sempre:..... 4

Os Indicadores de Logro cubriranse cos resultados da enquisa para a **Avaliación** do Labor **Docente** realizada polo alumnado de xeito anónimo, a través dun formulario virtual, como este.

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				

30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

Observacións:

--	--	--	--	--

--